Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da decisión do Goberno portugués de promover un macropolígono industrial entre Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira para captar máis empresas relacionadas co sector do automóbil, as medidas impulsadas para evitar a súa crecente deslocalización cara Portugal e as previstas para facer competitivo o chan industrial de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 4719 (10/POC-000815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías eléctricas para xestionar as incidencias e reparar os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos últimos días do mes de febreiro de 2017, así como as previsións ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 4726 (10/POC-000816)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reparación das deficiencias existentes no colexio de educación infantil e primaria Luís Pimentel, de Lugo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 4730 (10/POC-000817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a garantía do cumprimento na actualidade das cláusulas sociais reflectidas nas diferentes concesións de saltos hidroeléctricos, a relación das que rematan nos próximos tres anos e a dispoñibilidade polo Goberno galego de información completa referida ás condicións de concesión dos existentes, así como as actuacións previstas para o aproveitamento público dos saltos ao remate da súa concesión

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 4733 (10/POC-000818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o alcance e os mecanismos de control que se están a levar a cabo en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca e as medidas previstas para o seu control no cultivo para autoconsumo, así como a posta en marcha dalgún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para a súa erradicación e o establecemento dalgún plan de indemnizacións para os cultivadores afectados

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4742 (10/POC-000819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do remate da construción dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia en Ourense, os investimentos levados a cabo ata a paralización das obras e as súas previsións en relación coa modificación do proxecto para construír un muro de contención no perímetro do edificio, así como a data de reinicio das obras

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4761 (10/POC-000821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os mecanismos de interlocución postos en marcha polo Goberno galego co sector agrícola en relación coa corentena decretada a causa da praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca, as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicala e as previsións respecto do establecemento de compensacións económicas ou axudas para paliar as perdas das explotacións

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4771 (10/POC-000822)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do nivel que presenta a taxa de temporalidade no emprego en Galicia no cuarto trimestre de 2016, en relación coa media do Estado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4772 (10/POC-000823)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns da evolución que presenta dende o ano 2013 a taxa de temporalidade no emprego en Galicia, en relación co resto do Estado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4773 (10/POC-000824)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a estabilidade no emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4774 (10/POC-000825)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para corrixir as diferenzas que padecen as mulleres asalariadas en Galicia no referido á temporalidade no emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4775 (10/POC-000826)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos efectos que está a producir a reforma laboral no mercado de traballo de Galicia, en especial no referido ao obxectivo de mellorar a calidade do emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4776 (10/POC-000827)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da taxa de temporalidade no emprego que sería aceptable na economía de Galicia e as actuacións que vai levar a cabo para acadala

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4777 (10/POC-000828)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns existentes para que o 95 % do emprego xerado en Galicia dende o ano 2013 sexa de carácter temporal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4778 (10/POC-000829)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre o investimento destinado polo Goberno galego a subvencionar as empresas galegas para fomentar a contratación estable, incentivando a transformación dos contratos temporais en contratos indefinidos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4779 (10/POC-000830)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia, na taxa de temporalidade no emprego rexistrada en Galicia, do alto nivel de fraude na utilización dos contratos de duración determinada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4780 (10/POC-000831)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento do principio de causalidade na contratación cunha taxa de temporalidade no emprego do 26,7 %

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4781 (10/POC-000832)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos efectos da taxa de temporalidade no emprego do 26,7% na existencia dunha estrutura produtiva precaria ou nunha alta contratación temporal irregular

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4799 (10/POC-000833)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns reais do Goberno galego para manter no ano 2017, nos mesmos valores do exercicio 2016, o canon cobrado aos concellos polo tratamento do lixo en Sogama, así como as súas previsións respecto da derogación da suba reflectida na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4803 (10/POC-000834)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os datos referidos aos encontros, foros, seminarios ou charlas relativas ás reservas da biosfera de Galicia promovidas polo Goberno galego, os proxectos promocionados de cada unha delas e as reunións conxuntas dos seus órganos de xestión convocados, así como a súa opinión respecto da necesidade dun compromiso económico da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o desenvolvemento de proxectos e actuacións en común

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4809 (10/POC-000835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo, as razóns da diminución ano a ano das indemnizacións polos danos que causa e o tempo que leva de media a tramitación dos expedientes de indemnización, así como o recoñecemento da especial incidencia dos ataques do lobo no concello de Cotobade-Cerdedo e o estudo de medidas de protección para que o terreo pase a ser zona 1

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4816 (10/POC-000837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación e o expediente de regulación de emprego do grupo de empresas Deus, así como as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun plan de reactivación de emprego na comarca de Ordes para as mulleres que traballaron nas empresas de confección e que están desempregadas na actualidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4817 (10/POC-000838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos aos traballadores propios e adscritos, categorías laborais e tipos de contratos existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4832 (10/POC-000839)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre o alcance e a situación actual da praga de couza guatemalteca da pataca en Galicia, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde que se detectou a súa presenza e as previsións da Consellería do Medio Rural cara ao futuro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4834 (10/POC-000840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a tramitación da solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do Centro de Xestión Ambiental de Lousame en relación co reflectido no Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022 respecto da implantación de novas infraestruturas de tratamento

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4839 (10/POC-000841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixe e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4845 (10/POC-000842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación co aumento do consumo de substancias potencialmente perigosas para a saúde no eido do deporte afeccionado, as medidas ou actuacións previstas para afrontala e a importancia da elaboración dun estudo ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4847 (10/POC-000843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns do recorte que presentan, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, os recursos destinados ás corporacións locais, para a creación, mellora e ampliación de servizos básicos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 4851 (10/POC-000844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da aplicación do Real Decreto 900/2015, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica, as demandas que vai realizar o Goberno central e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 4487 (10/POC-000767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da non emisión pola Televisión de Galicia de información respecto da rolda de prensa levada a cabo o día 2 de febreiro de 2017 pola portavoz de Xustiza dun grupo parlamentario en relación coa situación actual do Consello Consultivo de Galicia e o cesamento do seu presidente Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 4585 (10/POC-000782)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o investimento que realiza a TVG en programación infantil e xuvenil e as previsións da CRTVG respecto da posta en marcha dalgunha estratexia global de colaboración cos centros de ensino orientada especificamente á promoción da lingua galega entre a mocidade e a infancia, así como o prazo para a divulgación de programación infantil e xuvenil do ámbito lusófono, de acordo co disposto na Lei 1/2014 para aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía  
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 4747 (10/POC-000820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da denegación a unha traballadora da CRTVG da mudanza de quenda para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida laboral e familiar

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 4812 (10/POC-000836)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Vázquez Verao, Paula

Sobre a información emitida pola CRTVG no Telexornal Serán do 24 de novembro de 2016 en relación co pasamento da ex-alcaldesa e senadora dun partido político

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, José Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Nuñez Centeno deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral Urxente en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG.**

### Xustificación da Urgencia:

A urxencia ven motivada por qué se dea coñecer canto antes o servizo que teñen a súa disposición galegos e as galegas para solventar as interferencias que poidan surxir.

### Exposición de motivos:

As operadoras de móbiles veñen de crear a web *llega800.com* e o teléfono 900 833 999, para resolver cuestións relacionadas coa calidade do sinal de televisión que poidan producirse tras a implantación do 4G.

Este servizo gratuíto atende tamén os casos de interferencias nas emisións da Televisión de Galicia nalgúns lugares onde a pesar de que a canle pública autonómica emite correctamente, existen problemas coa recepción en calidade da televisión.

A orixe desta situación é que a TDT deixou de emitir nas canles da 61 á 69. Deixounas libres para que as ocupase o tan agardado servizo de 4G móbil. E no verán de 2015 as operadoras de telefonía comezaron a ocupar esas frecuencias, pero o 4G é tan potente que, ás veces, danse problemas de convivencia, interferencias.



En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís Urxentes en Comisión:

1. Que tipo de servizos presta a Web *llega800.com* e teléfono 900 833 999 aos usuarios?
2. Cales son os fogares máis afectados?
3. Afecta por igual a fibra óptica, satélite ou internet ou só a aqueles con antenas antigas?
4. Que custo ten para os propietarios das antenas as adaptacións necesarias para obter unha boa recepción do sinal de televisión?
5. Que iniciativas están a desenvolverse para dar conta deste servizo que prestan as operadoras móbiles pero do que se beneficia tamén a TVG?

Santiago de Compostela, 13 de Febreiro de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/02/2017 13:26:15**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 13:27:13**

**Maria Antón Vilasánchez na data 13/02/2017 13:27:23**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/02/2017 13:27:35**

**Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2017 13:28:00**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 13/02/2017 13:28:15**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 13:29:09**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Un dos obxectivos fundamentais asignados ao INGACAL é o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira e alimentaria de Galiza, así como o impulso do desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica. Actúa como medio propio da Administración en áreas basicamente tecnolóxicas como son a investigación e a transferencia de tecnoloxía.

A xeración de investigadores formada nos mellores centros de investigación agraria do mundo, nos anos 70 do pasado século, xubilouse coincidindo coas lexislaturas do sr.Feixoo como Presidente do Goberno Galego.

Moitos investigadores seguiron voluntariamente ata os 70 anos, (a algún deles negóuselles poder continuar cumpridos os 65) e ós investigadores que realizaron as súas teses ó abeiro da súa experiencia e coñecemento, non se lles deu a oportunidade de continuar por non convoca-los procesos selectivos para cubri-las prazas de investigación vacantes, tendo que marcharse con máis de 40 anos de idade con extensos e brillantes curriculum, adaptados ás liñas prioritarias de investigación agraria.

Entre as liñas de investigación mais salientables que quedaron sen investigadores e que afectan ós sectores fundamentais do rural galego destacan:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

---Economía agraria.

---Mellora xenética de millo.

---Banco de xermoplasma de variedades pratenses.

---Sistema extensivo de produción de carne de vacún en base a pastos e forraxes.

Estas liñas de investigación poderían ter continuidade se fosen convocados os procesos selectivos para cubrir ditas prazas vacantes.

A Xunta de Galicia, que só dispón de organismos de investigación pública nas áreas de investigación agraria (incluído o sector forestal) e pesca, non ten orzamentada ningunha vía de financiación que permita realizar proxectos de investigación agraria no INGACAL.

O organismo que debería financiar os centros da Xunta, o GAIN deixou fóra o INGACAL, pero non así a outros centros que dependen do Estado, como o CSIC, que ven recibindo anualmente 400.000 euros vía convenios.

A consellería de pesca si orzamenta ao redor de un millón de euros anuais para proxectos de investigación, que non foron transferidos ó GAIN, en cambio si foron transferidos, no seu momento e co obxecto “dunha mellor xestión e coordinación administrativa” ao GAIN, os preto de 400.000 euros anuais que dispoñía a consellería de medio rural para financiar proxectos estratéxicos de investigación agraria.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, no seu Artigo 49º :Organización dos traballos dos medios propios e servizos técnicos, establece que:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

*“O medio propio deberá dispor da estrutura e dos servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos que desenvolva e das prestacións encargadas así como da súa calidade técnica”.*

O Goberno da Xunta está tamén a incumprir as súas propias directrices sinaladas na “GUÍA DA COLABORACIÓN PÚBLICO-PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTONÓMA DE GALICIA”, elaborada pola Consellería de Vicepresidencia, que no seu artigo 8, referente a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público sinala:

*“as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico”*

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Vai a Xunta de Galicia elaborar no presente ano un Plano Estratéxico de Innovación no medio rural galego, debidamente orzamentado e estruturado en accións concretas en materia de investigación, formación, transferencia e innovación agraria dirixido á sustentabilidade económica, social e ambiental das explotacións agrogandeiras e das pequenas e medianas industrias agroalimentarias de Galiza. Contando para iso, de forma principal, cos centros de investigación e centros de formación e experimentación agroforestal da consellaría do Medio Rural, que deben actuar de forma conxunta e coordinada como axentes de desenvolvemento e de innovación no rural?

- Pensa dotar de forma inmediata ao ente público INGACAL dos bens humanos e materiais que lle permitan cumprir os obxectivos que lle foron consignados na lei 2/2005



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

de calidade alimentaria de Galiza e no seu decreto de funcionamento (259/2006, do 28 de decembro). En concreto: a) finalizar a adscrición dos bens dos Centros de Investigación da Consellería de Medio Rural ao ente público Instituto Galego da Calidade Alimentaria, proceso paralizado desde comezos de 2009; b) restituír os fondos propios para os gastos de funcionamento dos centros dependentes do INGACAL e c) convocar a cobertura urxente de postos de investigación para as áreas estratéxicas descritas, con carácter interino ou permanente, mediante convocatoria pública nas distintas especialidades e tendo en conta o perfil e os méritos do persoal?

- Vai emprender no presente ano a elaboración e aprobación do regulamento de adaptación dos estatutos do ente público INGACAL ós de axencia pública segundo o disposto na LOFAXGA así como dun programa de actuación cuadrienal onde figuren os obxectivos operativos, o cadro de persoal e a correspondente dotación orzamentaria, todo elo en consonancia coa planificación do Plano Estratéxico de Innovación no medio rural galego e as estratexias de especialización (RIS3) da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/02/2017 10:20:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2017 10:20:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2017 10:20:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2017 10:20:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2017 10:20:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2017 10:20:53**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Como xa temos subliñado en anteriores iniciativas, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supón mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Un destes aspectos que reforzan a nosa calidade democrática é o nivel de información nas relacións do executivo co poder lexislativo. Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano.

Actualmente, figura dispoñible no Portal de transparencia a información relativa aos acordos aprobados no Parlamento durante a IX Lexislatura, pero finalizada esta e rematado o ano 2016 non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento destes acordos.



## Grupo Parlamentario

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cando ten previsto o Goberno galego publicar no Portal de transparencia e Goberno aberto o informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos aprobados polo Parlamento na IX Lexislatura?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/02/2017 12:45:30**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 12:45:43**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguitne pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A expresión *better regulation* (mellora da regulación) tense consolidado como a forma convencional de denominar este fenómeno no seo da Unión Europea, que identificou esta estratexia como unha prioridade xa no cumio de Lisboa do ano 2000. Trátase, actualmente, dun proceso ineludible, que implica a toma de conciencia das oportunidades e dos beneficios que un marco regulador de calidade aporta á economía e ao funcionamento xeral dun país. Tamén significa coñecer ou ter iniciado a aprendizaxe dos instrumentos e dos procedementos existentes para levar a cabo un proceso de mellora normativa, así como utilizar unha metodoloxía contrastada para cuantificar a situación de partida, fixar obxectivos e avaliar os resultados obtidos. A implementación dunha estratexia de *better regulation* implica tanto a análise *ex ante* da regulación como a revisión *ex post* da normativa xa en vigor.

Como resalta a Comisión Europea, o programa "Lexislar mellor" da UE pretende elaborar e avaliar as políticas e a lexislación comunitaria de forma transparente, baseándose en probas, e co apoio das opinións da cidadanía e as partes interesadas. Cubre todos os ámbitos políticos e quere acadar unha normativa específica que non vaia máis alá do necesario para lograr os seus obxectivos e aportar vantaxes ao mínimo custe. Trata de aplicar ao ámbito da regulación normativa o principio de subsidiariedade.

A mellora da lexislación ten por obxecto para a Comisión garantir:

- unha toma de decisións aberta e transparente;
- a participación dos cidadáns e outras partes interesadas ao longo de todo o proceso legislativo e de elaboración de políticas;
- actuacións da UE baseadas en probas concretas e que teñan en conta as súas repercusións;
- cargas regulamentarias mínimas para as empresas, cidadáns ou administracións públicas.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Comisión ten creado ademais o Comité de Control Regulamentario, grupo independente de funcionarios e expertos. A súa función consiste en comprobar a calidade de todas as avaliacións de impacto e as principais avaliacións nas que se basea o proceso de toma de decisións da UE.

A vontade política de mellorar a calidade da lexislación, revisar a lexislación existente e actualizala en caso necesario é compartida polas tres principais institucións da UE: a Comisión, o Parlamento e o Consello. As tres asinaron o acordo sobre a mellora da lexislación, que entrou en vigor en abril de 2016.

Consciente desta necesidade de "lexislar mellor", a propia Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece na súa disposición adicional sétima:

"Nun prazo de oito meses desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia regulará os mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados do contido das recomendacións europeas sobre *better regulation*.

Regularase ademais a existencia dunha memoria de análise de impacto normativo, como documento que integre todas as achegas recibidas polo órgano directivo impulsor da norma, calquera que sexa a súa procedencia, e máis a súa resposta motivada. No caso das iniciativas lexislativas, este documento seralle remitido ao Parlamento xunto con cada unha delas".

Como xa temos subliñado en anteriores iniciativas, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal ante as liberdades civís.

Transcorrido o prazo establecido pola referida disposición adicional sétima da Lei 1/2016, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

 Grupo Parlamentario

1ª) Cando ten previsto o Goberno galego regular os mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados das recomendacións europeas sobre *better regulation*, para dar efectivo cumprimento ao establecido na disposición adicional sétima da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia nesta regulación a creación dun comité técnico de expertos para a comprobación independente da calidade das avaliacións de impacto normativo?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/02/2017 12:54:00**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 12:54:13**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín María Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No concello de Ordes estase a realizar a concentración parcelaria denominada “Parada II” e a empresa encargada de facer os traballos de concentración e acceso ás fincas, segundo a información que nos facilitan, xa rematou.

As entradas de acceso ás propiedades dos veciños e veciñas quedan nunha situación moi deficitaria, sendo, nalgúns casos, imposible acceder sen que se acometan traballos de desmonte, posto que as pendentes son demasiado pronunciadas e deixaron cantidade de montículos de terra ao lado das entradas.

Por outra banda, as entradas quedan sen a colocación de tubos que conduzan a auga e que eviten o arrastre coas choivas, o que taparía as cunetas e acabaría esnaquizando as vías de acceso.

Esta situación supón un gasto para os veciños e veciñas e para o Concello de Ordes que non teñen porque asumilo.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego desta situación?

2ª) Vai acometer a Consellería do Medio Rural, á maior brevidade posible, as ditas obras co fin de entregarlle aos veciños e veciñas, e ao Concello a concentración parcelaria en condicións axeitadas.

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2017



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2017 13:11:20**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/02/2017 13:15:14**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/02/2017 13:17:19**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 03/02/2017 13:17:32**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, sobre a praga da pataca pola couza guatemalteca.

A praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora) está afectando a diversas zonas de Galicia. En novembro de 2015 Medio Rural recoñecía oficialmente a praga na zona de Ferrol, Narón e Neda e meses despois decretaba tamén a corentena en Viveiro, Xove, Cervo, Foz e O Valadouro, na Mariña lucense. Agora crese que toda a comarca está afectada.

Antes de que esta continúe estendéndose e afecte ás áreas que comercializan en grandes cantidades patacas e que teña repercusións económicas maiores hai que por medidas efectivas.

En Galiza aínda non está pechada a lista definitiva de concellos infestados e debéramos facelo de inmediato.

Son máis as dúbidas que certezas neste tema e a preocupación das persoas afectadas vai en aumento. Aínda non se sabe se se prohibirá a plantación nin as medidas de prevención que se van a implantar.



Por todo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oal na Comisión 7.<sup>a</sup>:

1. Que medidas se están tomando dende a Xunta de Galicia para previr a praga?
2. De aprobarse o decreto que prohiba a plantación de patacas nas zonas afectadas, prevese algún tipo de indemnización polas perdas as persoas afectadas?
3. Coñécese xa a delimitación de todas as zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 03/02/2017 13:36:52**

**David Rodríguez Estévez na data 03/02/2017 13:37:05**



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

No que vai de século XXI, preto de cen sinistros mariños tiveron lugar nas costas galegas, como consecuencia diso produciuse un elevado número de vítimas mortais. Os anos 2011 e 2013 foron os anos de maior sinistralidade, chegando nos dous últimos anos a alcanzar a cifra de 13 barcos. Neste dato inclúense tanto pesqueiros como veleiros de náutica deportiva (dato obtido do “*Nuevo Catálogo de Naufragios*”, de Rafael Lema).

Existen distintas posibilidades para mellorar a seguridade das embarcacións, entre eles, sistemas para manter as embarcacións a flote no caso de accidentes marítimos ou sistemas individuais de localización..

Na sesión plenaria do día 10 de maio de 2016, en relación co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, a resolución número 56, foi aprobada por unanimidade e establecía o seguinte:

*Posta en marcha e finalización nos próximos cinco anos dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento.*

A tal efecto, e en relación coa alto número de sinistros mariños que se están a producir nas nosas costas, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que fase de desenvolvemento e posta en marcha se atopa a resolución número 56, aprobada na sesión plenaria do día 10 de maio 2016 para incorporar ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020?

 Grupo Parlamentario

2ª) Que medidas concretas se teñen levado a cabo a día de hoxe para mellorar a seguridade marítima co fin de reducir o alto número de sinistros que se están a producir cada ano nas costas galegas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3ª) Considera o Goberno galego, no seu caso, suficientes as medidas existentes?

4ª) Responden as medidas e os medios ás características de perigosidade e gran cantidade de tráfico marítimo que teñen as nosas costas?

5ª) Que valoración fai o Goberno galego da taxa de sinistralidade marítima nas costas galegas?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 03/02/2017 13:51:31**

**Julio Torrado Quintela na data 03/02/2017 13:51:44**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Se en Galicia, na península, e mesmo no continente, buscásemos ao animal que esperta as máximas paixóns, sen lugar a dúbida, ese é o lobo (*Canis lupus*). No caso galego estamos diante da especie de lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), un supervivente da idade do xeo, polo que se pode afirmar con toda seguridade de que leva no noroeste peninsular máis tempo que os nosos devanceiros máis directos e, polo tanto, ten carta de natureza sobre este territorio.

O seu nome está indiscutiblemente xunguido á cultura a través de abondosos nomes e topónimos que se reparten ao longo e ancho de toda a xeografía galega. A arquitectura popular está chea de referencias específicas da presenza desta especie como, por exemplo, as chozas das serras de Avión e Suído, ou os foxos repartidos por toda a xeografía que nalgúns casos chegan a ser grandes construcións con muros de 800 m de longo, coma no caso da serra da Groba. Non menos importante é a súa presenza na literatura da man de sobranceiros autores como Vicente Risco, Castelao ou Ánxel Fole; e se nos fixamos nas locucións, estas son tan abondosas como clarificadoras. Non menos importantes son as referencias ao lobo nas cantigas populares, adiviñas e refráns, que son tan abondosas e variadas que cobren todos os aspectos da vida da xente.

O lobo é un depredador, aliméntase a base de ungulados e estímase que anualmente precisa arredor dunha tonelada de carne. Esta característica repórtalle a mala sona que o precede ao chocar con algunha actividade humana tal que a gandaría, esta convivencia empeorou a partir do ano 2000. Nesta data xurdiu o problema das “vacas tolas” e con el unha nova directriz prohibiu abandonar reses mortas no monte, práctica secular que servía para aliviar as necesidades alimenticias destes animais, xa que o aproveitamento de carroña propiciaba un nivel de ataque baixo o gando, e así podía manter un certo equilibrio para a adecuada convivencia entre esta especie e a actividade humana.

## Grupo Parlamentario

Debido á necesidade de manter a convivencia e o equilibrio entre esta especie e a actividade económica, nomeadamente a gandería, faise necesario continuar, manter, ou no caso de que non os houberse iniciar estudos sobre a especie e os seus comportamentos, adaptación ao medio e circunstancias socioeconómicas que o rodean, así como a evolución e distribución dos efectivos e a súa variabilidade no tempo e espazo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Dado que no Plan de xestión do lobo en Galicia se facía unha estimación de manadas e número de lobos no noso territorio, sábese a distribución das manadas e individuos no territorio galego?

2ª) Que medidas de seguimento se están a facer sobre a especie e a súa evolución en Galicia?

3ª) Que tipo de estudos sobre o lobo se desenvolven en Galicia, no seu caso, cales son os resultados se aportan?

4ª) Tense desenvolto ou pensa o Goberno galego desenvolver algún tipo de campaña informativa, de sensibilización sobre a importancia do lobo no ecosistema, e as posibilidades de formar parte dun elemento máis do turismo de natureza-cultural?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 03/02/2017 14:14:29**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/02/2017 14:14:41**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 14:14:50**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luísa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O concello de Ordes ten unha poboación de 12.669 habitantes, segundo os últimos datos publicados polo INE (01.01.2016).

A ETAP que abastece de auga potable a este concello é bastante antiga, sen que tivese un axeitado mantemento durante este tempo o que ocasionou a situación de deterioro que presenta na actualidade.

A dita estación dispón de dúas liñas de tratamento das augas, unha delas está fóra de funcionamento por presentar varios problemas técnicos, deficiencias existentes no decantador e no filtro aberto.

Estas deficiencias unidas ao aumento da poboación no núcleo urbano do municipio fai que aumenten as necesidades de consumo de auga, o que provoca que se supere aínda máis o caudal que pode tratar actualmente a ETAP.

A capacidade dos depósitos existentes é de 1.700 m<sup>3</sup> e estímase que o consumo actual punta ascende a 2.000 m<sup>3</sup>/día, polo que o caudal tratado pola planta non chega para abastecer as solicitudes, xa que en caso de deficiencia ou avaría o subministro non estaría asegurado nin durante as primeiras vinte e catro horas seguintes á aparición da deficiencia, comprometendo o abastecemento dos usuarios.

Os técnicos de Augas de Galicia visitaron a ETAP xunto co persoal encargado do mantemento e explotación das instalacións para poder analizar o problema, e constataron a existencia do citado problema de capacidade de tratamento e mal estado de conservación das instalacións debido á súa antigüidade.

**Grupo Parlamentario**

O Pleno do Concello de Ordes aprobou por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a:

*Levar a cabo as obras necesarias de mellora da ETAP e o resto das actuacións necesarias na rede de abastecemento municipal*

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

*Demoler a segunda liña de tratamento de auga potable e acometer unha nova que atenda ás necesidades da poboación.*

*Levar a cabo as obras de mantemento necesarias no edificio de control existente*

*Mellorar a rede de abastecemento de auga potable do Concello, dende a estación de tratamento aos depósitos, cunha nova impulsión con bombeo dende o edificio de control da planta.*

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Considera o Goberno galego que a dita ETAP se atopa nun estado axeitado para poder prestar o servizo de distribución de auga potable coas garantías necesarias de seguridade e salubridade?

2ª) Cando vai acometer a Consellería de Medio Ambiente as melloras necesarias na ETAP de Ordes?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Grupo Parlamentario**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2017 14:18:10**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/02/2017 14:18:19**

**Raúl Fernández Fernández na data 03/02/2017 14:18:37**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 14:18:45**

**María Luisa Pierres López na data 03/02/2017 14:18:54**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Consello da Xunta de Galicia do 20 de novembro do 2014 autorizou, á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias 061, a renovar os contratos con empresas de transporte sanitario urgente.

O concurso foi dividido en 14 lotes territorializados cunha duración de catro anos e un custo global de 121'6 millóns de euros. Os pregos de condicións do concurso incluían varias novidades, especialmente a clasificación empresarial que ata ese momento non era esixida. Doutra banda a oferta económica ponderaba igual ca oferta técnica. Dese xeito poderían concorrer empresas en condicións de licitar mesmo por baixo do custo ou mediante prácticas de incumprimento da lexislación laboral. O concurso provocou unha ampla protesta do sector galego constituído por pequenas empresas que de súpeto atoparase sen clasificación e competindo con grandes grupos. A metade dos lotes foron adxudicados a unha empresa foránea.

As empresas reclaman condicións de contratación que permitan a concorrência e non exclúan de facto ás empresas galegas. Poñen de manifesto que supoñendo a contratación pública da Xunta de Galicia máis do 90 % da actividade do sector, as condicións concursais deben favorecer a súa existencia e non ofrecer un sesgo favorable ós grandes grupos, todos alleos á Galicia. A normativa actual impón elevados investimentos en flota que caso de non recibir adxudicación pública non son reutilizables noutra actividade.

Cabe lembrar, como denunciou o Grupo Parlamentario Socialista no seu momento, que no concurso anterior a empresa principal adxudicataria, representada por un ex-alto cargo do PP, coñeceu un incremento meteórico da súa facturación no sector público, sempre en institucións do mesmo partido. Esa mesma empresa, que acumula distintas denuncias, foi



## Grupo Parlamentario

denunciada xudicialmente por dispoñer, presuntamente, de información privilexiada, previa ó concurso.

O 16 de setembro de 2015 en Pleno, e o 23 do mesmo mes na Comisión 3ª, o Grupo Parlamentario Socialista realizou sendas preguntas sobre este tema, recibindo respostas inconcretas e rexeitando calquera problema existente ao respecto. Este proceso xudicial investiga se puido haber prevaricación, tráfico de influencias e información privilexiada no concurso convocado pola Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061, dependente do Sergas, e a adxudicación por unha contía de 121,6 millóns de euros.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre o proceso xudicial e as evidencias específicas sobre presunta información privilexiada por parte dunha empresa concreta?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar algunha investigación propia sobre a situación?
3. Coñece a Xunta de Galicia a preocupación e demandas do sector do transporte sanitario de Galicia sobre o proceso que está sendo investigado polo xulgado?
4. Pode garantir a Xunta de Galicia de que o concurso e adxudicación feito pola Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061, dependente do Sergas, que se atopan agora baixo investigación, foron realizados de maneira correcta, transparente e cumprindo toda a legalidade?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha medida sobre a situación? De que tipo?

 Grupo Parlamentario

6. Pode garantir o Goberno galego que as ambulancias afectadas por estas acusacións cumpren os requisitos legais e técnicos para desenvolver a súa labor?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/02/2017 14:24:14**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/02/2017 14:24:20**

## **A Mesa do Parlamento**

**Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Nos últimos anos tense modificado o criterio sobre a actuación a nivel dos procesos oncolóxicos coa aparición e o desenvolvemento das chamadas vías rápidas, para mellorar e priorizar a abordaxe destas graves patoloxías.

A progresiva implantación destas vías rápidas de oncoloxía parécenos unha actuación transcendente, que implica menos esperas, rapidez de diagnóstico e o tratamento, mellorando o prognóstico destes enfermos e enfermas, aumentando a súa supervivencia, diminuindo as complicacións da propia enfermidade, e mellorando a súa calidade de vida.

As vías rápidas facilitan que os doentes con sospeita de patoloxía grave, fundamentalmente oncolóxica, sexan atendidos nun tempo medio inferior a 15 días dende a derivación ao especialista por parte do médico de familia.

En base a todo exposto, os deputados asinantes, facémoslle a seguinte pregunta en Comisión:

En que punto de desenvolvemento e implantación se atopan a día de hoxe as distintas vías rápidas para a atención de enfermidades oncolóxicas, e que valoración fai sobre a súa efectividade ?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/02/2017 15:59:51**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2017 16:00:01**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/02/2017 16:00:04**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/02/2017 16:00:11**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/02/2017 16:00:47**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/02/2017 16:01:38**

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Levar a oferta, os servizos, os produtos turísticos galegos aos diferentes certames internacionais e nacionais permite a promoción global de Galicia nos distintos mercados mundiais onde a nosa comunidade pode achegarse a potenciais futuros turistas.

Ao longo do pasado 2016 o destino Galicia foi promovido por Turismo de Galicia en 41 feiras sectoriais, en 29 certames internacionais e 12 nacionais o que permitiu introducirmos en mercados emisores para Galicia.

Esta promoción levada a cabo, esta a dar os seus froitos como así reflicten os datos do Instituto Nacional de Estadística referentes a ocupación hoteleira do 2016, nos que o Turismo Internacional en Galicia acadou máximos históricos con máis de 1,2 millóns de viaxeiros e 1,9 millóns de pernoitas.

Una vez máis Galicia acada máximos históricos tanto no que se refire aos viaxeiros aloxados, rexistrando 4.324.822, como as pernoitas, con 8.241.822. A nosa comunidade incrementou así os niveis de viaxeiros e pernoitas rexistrados nos seus establecementos hoteleiros no ano 2015, nun 5,8% e 7,2% respectivamente. É o cuarto ano consecutivo no que Galicia rexistra unha mellora dos seus niveis de demanda hoteleira.

Neste mes xaneiro do 2017, Turismo de Galicia xa ten participado en:

- FITUR, a feira internacional de turismo de maior repercusión a nivel mundial.
- MATKA de Helsinki, o maior evento da industria de viaxes no norte de Europa e a rexión do Báltico, un mercado con moito potencial xa que a demanda turística finlandesa estase a incrementar nos últimos anos.

- FERIEN MESSE de Viena, un mercado cun gran potencial dado o interese polos produtos relacionados co contacto coa natureza e no Camiño de Santiago.
- VAKANTIEBEURS, o mercado máis importante de Holanda.

Por todo o anterior exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que outros certames, tanto nacionais como internacionais, de promoción e comercialización do sector turístico vai participar Galicia ao longo deste ano 2017 e cal é o mercado potencial de cada un deles?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/02/2017 10:21:42**

**Raquel Arias Rodríguez na data 06/02/2017 10:21:59**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 06/02/2017 10:22:07**

**Teresa Egerique Mosquera na data 06/02/2017 10:22:18**

**Marta Novoa Iglesias na data 06/02/2017 10:22:30**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/02/2017 10:22:42**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios do 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superaron o 65 millóns, segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría se sumáramos os milleiros de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falla de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríase un ano dende que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de reubicación de emerxencia para compartir a responsabilidade de aqueles que solicitan asilo. Sen embargo, decenas de milleiros de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables.

No caso de España, as cifras falan por si mesmas, segundo datos do Ministerio de Interior de finais do mes de novembro, pese a comprometerse a reubicar a 6647 persoas dende Grecia nun período de dous anos, ata o momento España só acolleu a 344 persoas, fronte a por exemplo as 1425 reubicadas dende este país por Francia. A cifra total queda aínda moi lonxe das 17.337 persoas que o Goberno se comprometeu a acoller, ben pola vía da reubicación, ou ben pola do reasentamento.

 Grupo Parlamentario

Na IX lexislatura aprobáronse varias iniciativas no Parlamento de Galicia que defendían a creación dun Plan de acollida para persoas refuxiadas en Galicia. De xeito paralelo, no ano 2015 o señor Feijoo anunciaba a disposición de Galicia a acoller a 300 refuxiados, así como a prestar tamén colaboración ás familias que quixeran acoller a máis persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa reubicación e reasentamento?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas na nosa comunidade?
3. Ata o de agora, cal é o número total de persoas acollidas en Galicia?
4. Que axudas prestou o Goberno galego ás familias galegas que solicitaron acoller persoas refuxiadas?
5. Considera o Goberno galego que se poderán cumprir durante o ano 2017 os obxectivos establecidos en dito Plan de acollemento?
6. Cal é o número de persoas refuxiadas que ten previsto a Xunta de Galicia que acolla a nosa comunidade durante o ano 2017?
7. Que mecanismos ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para axilizar o proceso de reubicación e reasentamento de refuxiados?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2017 11:42:41**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2017 11:42:49**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/02/2017 11:42:55**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>.

A transparencia política é unha obriga que todas as institucións públicas deben cumprir para asegurar unha boa saúde democrática. Render contas á cidadanía cando esta as demande, presentase como algo fundamental para que a confianza nos órganos que a gobernan non se vexa dinamitada.

Vemos en cantidade de ocasións como iniciativas impulsadas polo actual Goberno galego quédanse en papel mollado por falta de compromiso. Un exemplo é a lei de transparencia de Galicia, aprobada o ano pasado como medida estrela por parte do presidente Feijoo. Ata os nosos días a esta lei négaselle a súa aplicación efectiva, xa que non serve só con aprobar leis, estas tamén necesitan dotación económica e vontade política para que se poidan facer cumprir.

Recentemente tívose constancia, unha vez máis, dos problemas que o goberno do Partido Popular na Xunta ten coa transparencia neste país. A Consellería de Facenda tras dúas peticións oficiais de información, que se amparaban precisamente na lei de transparencia de Galicia, ademais de coa intervención da valedora do pobo, afirmaba que non dispoñía de información sobre si na



administración autonómica galega existían ou non tarxetas bancarias institucionais.

A Lei de Transparencia de Galicia reconece o dereito de todo cidadán a preguntar directamente sobre datos non públicos. Cando se lle nega esa información coa excusa de que non se dispón de información, a transparencia quédase como un slogan baleiro de contido e como unha iniciativa que busca máis intereses electoralistas que solucións reais.

Dende En Marea, entendemos a transparencia como un eixo fundamental para a rexeneración democrática na nosa terra.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1- Existen tarxetas bancarias institucionais na Xunta de Galicia?
- 2- Existen mecanismos suficientes que aseguren o cumprimento da Lei de Transparencia de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 06/02/2017 13:57:05**



**Magdalena Barahona Martín na data 06/02/2017 13:57:12**

**Luca Chao Pérez na data 06/02/2017 13:57:20**

**Paula Vázquez Verao na data 06/02/2017 13:57:32**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/02/2017 13:57:35**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 06/02/2017 13:57:41**

**Antón Sánchez García na data 06/02/2017 13:57:45**

**Eva Solla Fernández na data 06/02/2017 13:57:49**

**Paula Quinteiro Araújo na data 06/02/2017 13:57:53**

**Luis Villares Naveira na data 06/02/2017 13:57:56**

**José Manuel Lago Peñas na data 06/02/2017 13:58:00**

**Francisco Casal Vidal na data 06/02/2017 13:58:04**

**David Rodríguez Estévez na data 06/02/2017 13:58:07**

**Marcos Cal Ogando na data 06/02/2017 13:58:12**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez** deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na Comisión 7ª.

O temporal que vivimos en Galicia os últimos días tivo un nivel moi alto de incidencia nas explotacións agropecuarias do noso país. Os cortes de luz xeneralizados provocaron cuantiosas perdas no campo.

Centenares de granxas pasaron 3 días sen poder muxir, cos tanques sen refrixerar e sen poder alimentar aos animais. Isto amosa o desprezo das compañías eléctricas cara os usuarios que viven e traballan no rural galego pola falta de mantemento das infraestruturas e de limpeza de árbores.

Isto súmase aos múltiples danos que se deron en explotacións, tellados, fiestras, invernadoiros ou silos.

Fai falla unha investigación exhaustiva para documentar as perdas e gastos, facer unha valoración dos danos provocados polo temporal, e así poder intervir para emendalos.

A Xunta non pode deixar desprotexida á xente afectada. É urxente que a Xunta abra de maneira inmediata unha liña de axudas para paliar os danos do temporal. Compre lembrar que a Xunta actuou rapidamente para indemnizar con 500.000 euros aos viticultores de Sober tralos danos causados polo pedrazo.



**Por todo o exposto, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:**

-Ten pensado a Consellería abrir unha liña de indemnizacións para agricultores e gandeiros afectados polos cortes de luz e as perdas do temporal?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 06/02/2017 14:35:53**

**David Rodríguez Estévez na data 06/02/2017 14:36:02**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 4580**  
Data envío: 06/02/2017 16:31:00.993

## **Á Mesa do Parlamento**

**Luís Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Nestes días pasados producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, produciron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves no ámbito material foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten que ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica e co insuficiente e tardío operativo das empresas concesionarias, nomeadamente Gas Natural Unión Fenosa.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Polo anteriormente exposto, formulamos ás seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 4580**  
Data envío: 06/02/2017 16:31:00.993

1. Que xestións fixo a Xunta de Galiza ante as empresas eléctricas para esixir responsabilidades pola situación das infraestruturas e o operativo de resposta ante os danos producidos?

2. Que medidas desenvolveu o goberno galego para facer fronte aos danos do temporal?

3. Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar axudas para facer fronte aos danos nas infraestruturas públicas, nos fogares e na actividade económica?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2017 16:23:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2017 16:23:11**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 4580**  
Data envío: 06/02/2017 16:31:00.993

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2017 16:23:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2017 16:23:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2017 16:23:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2017 16:23:26**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª, relativa á transferencia ao Hospital único de Pontevedra.**

Tras dúas lexislaturas reclamando a ampliación do Hospital de Montecelo e loitando contra a proposta do Partido Popular de construír un novo hospital público-privado en terreos de Montecarrasco, o resultado é retirada do proxecto PFI e ausencia de das instalacións necesarias oito anos despois.

Afortunadamente, grazas á loita social, o Goberno popular abandonou o seu proxecto privatizador, posiblemente tamén polo fracaso do modelo ensaiado en Vigo. Desgraciadamente, perderon oito anos en chegar a esta conclusión. Oito anos nos que a situación da sanidade pública na Área de Pontevedra foi empeorando.

É necesario pois, que de unha vez por todas se inicien os trámites para mellorar o centro actual e amplialo para asumir os servizo hoxe sitos no vetusto hospital provincial.

Sen embrago, a pesares da asunción do fracaso do seu modelo, o Goberno só presenta unha partida de un millón de euros no orzamento de 2017 para dita ampliación. E rematado xa o debate orzamentario, non ten aceptado tampouco as emendas da oposición encamiñadas a ampliar dita contía.

Cabe cuestionarse, polo tanto, as intencións reais de levar a cabo o proxecto que reclaman profesionais, cidadanía e centrais sindicais.



Ante estas circunstancias, En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1.ª) En que prazos vai ser licitado e adxudicado o proxecto de ampliación anunciado?**
- 2.ª) Que prazos manexa a Xunta para levar a cabo a obra?**
- 3.ª) Cal vai ser o modelo de financiamento? Desbótase definitivamente unha colaboración público-privada?**
- 4.ª) Ten algunha previsión do modelo para o aparcadoiro do centro? Optará por un público e gratuíto ou por un de pago?**
- 5.ª) Mentres non se leve a cabo a obra, vai tomar algún tipo de medida perante a situación de degradación do hospital provincial?**

Santiago de Compostela, 06 de febreiro de 2017

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Eva Solla Fernández na data 06/02/2017 17:41:47**

## **A Mesa do Parlamento**

**Jaime Castiñeira Broz, Silvestre Balseiros Guinarte, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Nos últimos anos o Goberno galego puxo en marcha un conxunto de 12 medidas para loitar contra os desafiuamentos e en defensa do dereito á vivenda, para apoiar ás familias que teñen dificultades para conservar o seu fogar ou para acceder a un.

Entre estas 12 medidas destacan iniciativas como o Bono de Alugueiro Social, recollido no Plan rehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, aprobado polo Goberno galego en febreiro de 2015.

Recentemente, o Consello da Xunta aprobada as novas bases que rexerán o programa de axudas do Bono de Alugueiro Social e a convocatoria para o presente exercicio, ampliando os seus beneficios.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que novidades recolle a nova orde que regula as bases para a concesión do Bono de Alugueiro Social da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 06/02/2017 17:41:13**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/02/2017 17:41:21**

**Martín Fernández Prado na data 06/02/2017 17:41:27**

**Antonio Mouriño Villar na data 06/02/2017 17:41:38**

**Marta Novoa Iglesias na data 06/02/2017 17:41:45**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 06/02/2017 17:41:56**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/02/2017 17:42:14**

## **A Mesa do Parlamento**

**Jaime Castiñeira Broz, Silvestre Balseiros Guinarte, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galicia está a facer unha forte aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns.

Entre estas actuacións destacan as medidas dirixidas a mellorar a eficiencia enerxética nas vivendas, tanto propiedade dos concellos galegos, como en vivendas de promoción pública propiedade da Xunta.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué axudas ten impulsado o Executivo autonómico en materia de rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética de vivendas?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

### **Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 06/02/2017 17:44:11**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/02/2017 17:44:19**

**Martín Fernández Prado na data 06/02/2017 17:44:25**

**Antonio Mouriño Villar na data 06/02/2017 17:44:37**

**Marta Novoa Iglesias na data 06/02/2017 17:44:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)

**María Julia Rodriguez Barreira na data 06/02/2017 17:44:54**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/02/2017 17:45:06**





## Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre as consecuencias do temporal nos centros educativos de Galicia.

O temporal causado en Galicia nos últimos días deixou este luns, 6 de febreiro, a estudantes de tres colexios e aos alumnos de secundaria dun instituto sen clase. Falamos do IES Chan do Monte de Marín (Pontevedra), o CPI Antonio Orza de Boqueixón (A Coruña), o CEIP Ramón Otero Pedrayo de A Laracha (A Coruña) e o centro concertado Virxe Milagorsa de Bueu (Pontevedra). Centros que viron interrompida a súa actividade por distintos desperfectos, especialmente nas cubertas dos centros.

Estamos ante un caso no que á falla de previsión para ter buscado centros nos que reubicar ás nenas e nenos que quedaron sen clase, habería que sumar os anos de recortes en reparación e mellora dos centros educativos de Galicia que acumulan anos de abandono por parte do goberno.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que prazos manexa a Consellería para que se restituía a normalidade nos centros educativos de Galicia?
- 2.<sup>a</sup>) Cal foi a inversión en reparacións, acondicionamento e melloras nos



centros afectados dende a súa chegada ao Goberno en 2009?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 06/02/2017 18:28:13**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/02/2017 18:28:21**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A existencia de operadores intermediarios que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos, comprándolle o leite aos primeiros e vendéndollelo ás segundas, carece das garantías suficientes para os produtores, xa que estes intermediarios non teñen que depositar ningún tipo de aval ou garantía para o produto que moven. Este é un tema que se vén denunciando publicamente desde distintos ámbitos, e nos últimos meses acadou maior relevancia dado o número de non pagamentos aos gandeiros. As organizacións agrarias falan que arredor de 200 granxas estarían afectadas por esta situación en toda Galicia.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Consellería do Medio Rural dos non pagamentos por parte dos operadores intermediarios que están a sufrir os gandeiros e gandeiras das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

2ª) Estando a producir este tipo de impagos en máis comarcas, no seu caso, en cales?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar a Consellería do Medio Rural para que non se produzan estes impagos?

4ª) Por que estes operadores intermediarios non teñen que presentar ante a empresa transformadora ou a Consellería do Medio Rural un aval que garanta os pagos?

 Grupo Parlamentario

5ª) Pode ser que a aparición destes primeiros compradores sexa unha das causas de que o prezo do litro de leite non chegue a pagarse aos 0,297 céntimos que o que perciben un 35 % dos gandeiros e gandeiras de Galicia?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/02/2017 18:31:51**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 06/02/2017 18:32:02**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Mosteiro de San Clodio foi declarado, xunto á ponte do mesmo nome, Monumento Histórico Artístico Nacional en 1931. A súa orixe non está totalmente claro. Algunhas fontes sitúano no século VI. Para outros estudosos, como Sandoval e Yepes, foi fundado no ano 928. Nun primeiro momento estivo a disposición dos monxes negros da orde de San Benito, quen o converteu nun núcleo agrícola próspero. Desde el introduciuse o cultivo da vide nesta zona. A partir de 1225 ata a exclaustación foi cisterciense, e novamente beneditino desde finais do século XIX.

Na fachada monasterial pódese vela cruz de Caravaca coñecida como "Divina Reliquia", venerada polos aldeáns e aldeás para librar ás vides da saraiba.

A igrexa do mosteiro, que leva o nome de Santa María, é de estilo gótico e conta con tres ábsidas en correspondencia coas naves. A imaxe da virxe ocupa o retablo maior rodeada de santos e santas das ordes que nalgún momento ocuparon o mosteiro. É reseñable a fachada barroca do antigo palacio abacial. Hoxe o antigo mosteiro, tras un proceso de restauración, foi convertido en hotel.

Dende o mes de setembro do ano pasado o mosteiro está pechado polas obras que afectan á nave lateral deste complexo, que ten a súa orixe no século X, o que supón un grave prexuízo para a actividade turística desta zona, sen que polo de agora se dera por parte do Goberno autonómico unha data aproximada da apertura ao público do mesmo. Dende hai anos veñen anunciando diferentes cargos da Xunta de Galicia a posta en marcha neste mosteiro do primeiro espazo de viñoterapia de Galicia.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Segundo o Goberno galego, cando está previsto que rematen as obras de rehabilitación e acondicionamento do Mosterio de San Clodio?
2. Cando se prevé a apertura ao público das instalacións do Mosteiro de San Clodio?
3. Que servizos relacionados co termalismo teñen previsto poñerse en marcha neste espazo?
4. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para potenciar e difundir os recursos turísticos asociados á este concello?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
José Manuel Pérez Seco  
Abel Losada Alvarez  
Concepción Burgo López  
Luis Manuel Alvarez Martínez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2017 18:52:08**

**Raúl Fernández Fernández na data 06/02/2017 18:52:14**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/02/2017 18:52:19**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/02/2017 18:52:25**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 06/02/2017 18:52:30**



 Grupo Parlamentario

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/02/2017 18:52:42**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lucha Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral na **Comisión 4.<sup>a</sup>**, sobre a avaliación do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

Menos gasto en I+D+i, menos persoal, menos equipos de investigación, menos proxectos, menos patentes, en definitiva, menos investigación e innovación para o futuro de Galicia. Indicadores preocupantes que alertan da situación que padece a inversión pública en investigación.

Neste contexto foi no que se desenvolveu o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015. Segundo o texto do propio plan este “contempla un proceso de avaliación periódica e sistematizada dos resultados e progreso que permita monitorizar os progresos que se van producindo no sistema galego de I+D+i a medida que as liñas de actuación se desenvolven á vez que se identifican a conveniencia ou non da súa reformulación, as posibles medidas a implantar para mellorar o rendemento das políticas deseñadas a este fin así como detectar as sinerxías e complementariedades existentes entre elas. Desta forma confirmarase en que medida os recursos investidos nos procesos de xeración de coñecemento e innovación serven aos intereses perseguidos co fin de reverter finalmente no beneficio da sociedade galega”

Sen embargo, máis dun ano despois do peche do plan, e antes de que se aprobe o seguinte, non tivemos coñecemento dos resultados desa avaliación.





Por iso, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cales son os resultados da avaliación dos resultados do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015?

Cales diría o Goberno galego que foron os meirandes logros do plan?

E as principais eivas?

Cales son as razóns para que aínda non se aprobara un novo plan?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 06/02/2017 19:01:09**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/02/2017 19:01:15**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Entre a madrugada do pasado venres 3 de febreiro e o día de onte domingo Galicia vén de sufrir a sucesión de temporais pronosticados con exactitude tanto por Aemet como por MeteoGalicia.

As incidencias, desfeitas e problemas nos diferentes servizos e equipamentos sufríronse na maior parte das zonas interiores e costeiras de Galicia.

Case 200.000 fogares chegaron a estar sen subministración eléctrica; na mañá de hoxe luns 18.000 clientes das compañías eléctricas seguían sen luz, con unha incidencia preocupante nos casos de persoas enfermas con asistencia mecánica no seu fogar ou no caso das explotacións leiteiras e gandeiras. En todo caso, todos somos conscientes de que foron moitas as persoas e actividades que se viron gravemente afectadas polos cortes de luz. Parece ser que hoxe a Consellería de Economía, Emprego e Industria abriu un expediente informativo ás compañías eléctricas.

O desbordamento de ríos, con especial gravidade nas zonas de Santiago, Lugo ou Ribadavia, e os danos en portos e paseos marítimos tamén é destacable. Na provincia de Pontevedra producíronse estes danos cunha intensidade máis destacable.

Durante a xornada do venres 3 as conexións ferroviarias en practicamente todas as liñas sufriron unha total paralización ou graves incidencias, que deixaron a miles de persoas sen posibilidades de desprazamento nin alternativas ofrecidas por Renfe, especialmente durante a mañá do venres. A liña Vigo-Ourense estivo practicamente tres días pechada.

### Grupo Parlamentario

Os servizos de salvamento e extinción de incendios dos parques comarcais téñense queixado de que non foron suficientemente mobilizados polo 112 para reforzar de forma extraordinaria as quendas de traballo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Urxe así avaliar os danos producidos nos distintos concellos para abordar un plan urxente de resposta en zonas que puidesen ser declaradas catastróficas.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta urxente:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia da actuación dos seus dispositivos de emerxencias durante os temporais sufridos entre os días 3 e 5 de febreiro?

2ª) Que valoración e supervisión ten realizado a Xunta de Galicia respecto dos protocolos de emerxencias aplicados por Renfe e ADIF nas infraestruturas e servizos ferroviarios durante estes temporais?

3ª) Que valoración e supervisión ten realizado a Xunta de Galicia respecto dos protocolos de emerxencias aplicados polas compañías distribuidoras de enerxía eléctrica nas súas infraestruturas durante estes temporais?

4ª) Cal foi o nivel de reforzo dos servizos de salvamento e extinción de incendios nos diferentes parques da Comunidade durante estes temporais?

5ª) Que previsión ten o Goberno galego para atender con urxencia ás principais zonas afectadas?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**



 [Grupo Parlamentario](#)

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2017 10:28:59**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2017 10:29:12**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria.**

Na anterior lexislatura, concretamente no pleno do 6 de maio de 2015, foi aprobada por unanimidade, a Proposición non de lei doc.núm. 32617(09/PNP-002391) co seguinte enunciado:

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a traspasar as competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS en conformidade co establecido na Disposición Adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde do 2003”*

Sen embargo, pese a tratarse dunha iniciativa que goza do respaldo unánime do Parlamento e de instar ao cumprimento dunha Disposición establecida nunha norma con rango de Lei, que tutela un Dereito de gran importancia como é a saúde das persoas privadas de liberdade, a Xunta de Galicia en nada informou a este Parlamento sobre os trámites ou xestións realizadas para dar cumprimento a dita proposición.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Cales son as xestións que realizou a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Proposición de lei aprobada sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 07/02/2017 12:50:22**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á situación da nova lonxa de Ribeira.

En agosto de 2015 publicábase a Resolución pola que se daba a coñecer o concurso público, procedemento aberto e sistema multicriterio, para a selección de oferta para o outorgamento de concesión de ocupación de dominio público portuario con destino ao desenvolvemento das actividades portuarias inherentes á explotación e xestión da nova lonxa no porto de Ribeira.

Unhas instalacións que foran adxudicada no 2011, a empresa Acciona por un importe de 17,3 millóns de euros que viña a suplantar a vella lonxa que era xestionada polo concello de Ribeira, o cal renunciou a súa competencia a través dun Acordo Plenario onde lle deixaba o campo libre a Portos de Galicia para poder sacala a concurso.

Dito concurso quedou deserto ao non presentarse ningunha oferta, despois de transcorrido case un ano Portos de Galicia sacou un concurso onde se modificaron substancialmente as condicións de xeito que unicamente se presentou unha única proposta sendo adxudicataria da mesma a UTE LONXA DE RIBEIRA, S.L en base a unha proposta económica consistente no 1,5% sobre o valor da venda en lonxa, por un período de concesión de 3 anos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O procedemento foi curtísimo e totalmente escurantista, de xeito que existe un gran rebulo en Ribeira, pois non se sabe exactamente quen está detrás desta UTE, e falase de que os usuarios pasarán a pagar ao 3% do valor da pesca descargada. Cuestións todas que trasladan unha gran incerteza e que nos gustaría que fosen aclaradas para clarificar o modelo de xestión, os fondos investidos, a necesidade de mellora das instalacións e a posibilidade de ofrecer un mellor e máis económico servizo aos usuarios.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Cales son as razóns para que a Xunta elixa un modelo de xestión privado, na vez da xestión pública directamente ou a conformación dun ente onde participen os principais actores sectoriais e a administración pública?

-Cal é o investimento total que se leva realizado na Lonxa nova de Ribeira?

-Canto tempo leva paralizada dende que se rematou?

-Cales son as razóns de que o primeiro concurso quedara deserto?

-Cal é a explicación de que se resolvera o segundo concurso nun prazo tan corto de tempo?

-Cantos fondos públicos se van investir para dotala de material necesario para o inicio da actividade?

-A empresa adxudicataria vai realizar algún investimento para acondicionar as instalacións?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Por quen está constituída a adxudicataria LONXA DE RIBEIRA, S.L?

-Cal é a razón de que non entraran na UTE organizacións directamente vinculadas ao sector como a confraría de pescadores?

-Que papel pasa a xogar o concello de Ribeira? Sabe a que se van destinar as vellas instalacións?

-En que situación queda o persoal da lonxa que pertencía ao concello?

-Tendo en conta que o anterior modelo era de titularidade municipal e primaba a prestación do servizo público e agora a xestión é privada, fíxose a lonxa para mellorar os servizos, a trazabilidade e o valor dos recursos ou para facilitar o negocio da empresa adxudicataria?

-Como se vai garantir que non diminúan as rendas dos produtores, que se melloren o prezo do peixe en orixe, se garanta unha trazabilidade que poña en valor a pesca artesanal e o marisqueo?

-Cales son as taxas previstas a aplicarlle @s usuari@s?

-Canto prevé recadar Portos de Galicia con esta adxudicación?

-Cales son as razóns de adxudicar esta concesión por un período de tres anos?

-Que cantidades destinou a Xunta nos dous últimos orzamentos para mellorar as condicións de atraque e seguridade? Cantas desas cantidades se gastaron?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2017 13:14:39**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2017 13:14:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2017 13:14:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2017 13:14:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2017 13:14:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2017 13:14:55**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**

O Plan de formación continuada no agro galego 2016 é unha actividade dirixida a mellorar a formación técnica das persoas que se dedican a Agricultura no noso País.

Entre as accións formativas que se levan a cabo neste Plan atópanse, cursos de diferente tipoloxía: aptitude empresarial agraria, de usuario profesional de produtos fitosanitarios (nível básico e cursos ponte), benestar animal e calquera outro curso de formación agroforestal e carácter esixíbel.

Indicar que o Plan de formación 2016, fixo especial fincapé na realización de cursos de aplicador manipulador de produtos fitosanitarios, incrementando o número de accións formativas respecto a anos anteriores, por exemplo no 1º semestre do 2016 existía unha previsión de realizar 260 cursos en toda Galiza. A estes cursos habería que engadir as accións formativas encamiñadas á renovación do carné de aplicador, básico ou cualificado, que se desenvolveron durante o 1º trimestre do ano, quedando suspendidos a partir do 2º trimestre, procedendo a administración a renovar automaticamente a autorización, previo pago de taxas e solicitude de renovación da persoa interesada.

Este Plan de formación continuada levouse a cabo a través de diferentes unidades administrativas da Consellería de Medio Rural. Para desenvolver a labor docente do Plan de formación continua, a Consellería de Medio Rural



recorre a persoal propio da administración e persoal docente alleo a ela. Estes colaboradores propios e/ou alleos levan sen cobrar seus servizos dende o inicio do Programa. A circular que regula este Programa ten data de 19 de xaneiro de 2016, a data límite de presentación de propostas para o 1º semestre do 2016 remataba o 31 de xaneiro, ampliándose posteriormente o prazo ata o 29 de febreiro e comezando a realización dos cursos no mes seguinte. Polo tanto, hai persoal docente que leva aproximadamente 10 meses sen cobrar.

Esta problemática nos pagos non é algo novo, vense repetindo ano tras ano, pero nunca cun atraso tan acumulado. Ás faltas de pagamentos ao persoal docente, habería que sumarlles os atrasos a provedores, o cal tamén é a tónica xeral deste Plan.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- 1. A que se debe o atraso no pagamento ao persoal docente?**
- 2. Cando se van abonar os pagos atrasados?**
- 3.- Pensa a Consellería do Medio Rural poñer solución a este problema no Plan de formación continuada 2017, para que esta problemática non se repita? Que medidas adoptará para que non se repitan estas situacións de morosidade por parte da administración?**

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 07/02/2017 13:54:29**



**Antón Sánchez García na data 07/02/2017 13:54:34**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/02/2017 13:54:46**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral en Comisión, **relativa aos cortes de longa duración producidos no servizo de distribución eléctrica desde o pasado xoves 2 de febreiro en moitas zonas de Galicia.**

O pasado xoves 2 de febreiro produciuse en Galicia un temporal de intensidade media que estaba previsto nas predicións meteorolóxicas.

Como consecuencia do mesmo moitas instalacións de distribución eléctrica ao longo do país sufriron incidencias que deixaron sen servizo a máis de 50.000 persoas durante longos períodos de tempo, nalgúns casos de mais de 5 días.

Estes inxustificables cortes de longa duración provocan innumerables é cuantiosos prexuízos persoais e económicos á cidadanía, agravados polo feito de que ademais soen implicar a caída da rede de telefonía.

A responsable do monopolio natural da distribución en Galicia, e de maneira case única, a compañía Gas Natural Fenosa Distribución, que percibe ao ano o importe que polo servizo de distribución se carga nos recibos de todos os abonados e abonadas. No último exercicio Fenosa ingresou por este concepto 715 M€ unha cantidade importantísima e que debería garantir un servizo de máxima calidade e seguridade.

Este importe desglósase nas seguintes partidas: 429 M€ para inversións na actualización e mellora das instalacións; 160 M€ para operación e mantemento e 126 M€ para outras tarefas (lectura de contadores, facturación, atención telefónica, planificación e custes de estrutura).



Trátase de trasladar á cidadanía que os cortes de luz son consecuencia normal do mal tempo; un mal tempo previsto con antelación. Pero isto non é así, e debese, segundo o noso criterio, aos seguintes factores:

- Falta de desenvolvemento e planificación dunha rede máis segura e redundante e de inversións suficientes para facelo posible, sobre todo no medio rural.

- Ausencia total de mantemento preventivo da rede e das servidumes de paso das liñas.

- Subcontratación dos traballos de reparación de avarías a compañías con insuficientes medios técnicos e persoais e escaso coñecemento das instalacións e das zonas onde deben actuar.

A ausencia de persoal propio da compañía de maneira estable, en todas as comarcas, fai que en caso de avarías ou incidencias as compañías subcontratadas tarden moito en intervir e non teñan boa información das incidencias máis salientables para priorizalas. Desta maneira os responsables públicos locais e os cidadáns non teñen a ninguén de referencia para poder trasladar reclamacións e información sobre situacións críticas, tendo como único contacto un teléfono de atención xeral que en situacións como a que acaba de acontecer adoita estar saturado e térdanse varios días en recibir contestación ás reclamacións.

Ante todo o exposto desde En Marea consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que informar de maneira precisa á cidadanía e a este Parlamento da situación da rede de distribución eléctrica e das inversións e traballos de mantemento que sinalizan na mesma.

A este fin, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:



1ª.- Cales foron os investimentos na rede de distribución eléctrica en Galicia por parte de Gas Natural Fenosa Distribución nos últimos 5 anos?

2ª.- Cal é o orzamento anual de Gas Natural Fenosa Distribución de mantemento da rede en Galicia?

3ª.- Ten a Xunta de Galicia, ou pensa desenvolver, un informe do número de fogares afectados polos cortes de luz do último temporal?

4ª.- Ten a Xunta de Galicia, ou pensa desenvolver, un informe sobre o impacto económico sobre as familias, as explotacións e as empresas afectadas polos cortes de luz do último temporal?

5ª.- Considera a Xunta de Galicia que os longos tempos de reposición do servizo teñen que ver co desmantelamento das plantillas da compañía distribuidora trasladando os traballos a subcontratas?

6ª.- Vai exixir a Xunta de Galicia á compañía distribuidora o pago áxil, xusto e rápido das indemnizacións que correspondan, incluíndo procedementos de reclamación sinxelos e accesibles, como por exemplo un boletín físico e telemático no próximo recibo que informe dos dereitos de reclamación e de maneira clara e sinxela como é o proceso para desenvolver dita reclamación?

7ª.- É coñecedora a Xunta de Galicia de que Gas Natural Fenosa Distribución é a única das grandes compañías distribuidoras no Estado con penalizacións na remuneración polas deficiencias no servizo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 07/02/2017 14:02:33**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López, e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o 29/09/2011 o acordo do Consello da Xunta polo que se aprobou definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, situado na Costa da Morte e que abrangue 15 enclaves megalíticos situados en 8 concellos.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural actuará nun total de 14 destes enclaves megalíticos: Pedra Moura de Aldemunde, no concello de Carballo; A Fornella dos Mouros, no de Laxe; Pedra de Arca, en Malpica; Mina da Parxubeira, no concello de Mazaricos; Pedra Moura de Monte Carnio, Pedra Cuberta, Casota de Berdoias, Arquiña de Vilaseco, Pedra da Lebre ou de Serramo, Mina de Recesindes, Rabós (mámoas), no concello de Vimianzo; Casa dos Mouros ou Pedra da Arca, pertencente a Dumbría e Vimianzo, e a Pedra Vixía, Arca da Piosa, no concello de Zas. Dentro do parque arqueolóxico inclúese tamén o Dolmen de Dombate, en Cabana de Bergantiños, que conta co seu propio Plan director e que xa está sendo executado pola Deputación Provincial da Coruña.

O obxectivo: garantir a conservación e posta en valor desa manifestación cultural nas comarcas afectadas polo proxecto, en particular, e con incidencia no resto da comunidade autónoma en xeral. Máis concretamente, permitirá a creación de infraestruturas e actuacións de índole arqueolóxica e arquitectónica sobre cámaras megalíticas de varios termos municipais co fin de promover a difusión dos seus valores culturais, a protección e conservación destas manifestacións, contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio, e fomentar o desenvolvemento sostible nas zonas nas que se intervén.

As palabras do propio presidente da Xunta, durante a inauguración do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro, que este supón un exemplo de que “Galicia sabe coidar as súas herdanzas, enriquecelas e transmitilas”. E lembrou que a apertura deste parque é “o primeiro paso da Rede Galega de

## Grupo Parlamentario

Patrimonio Arqueolóxico” na que, xunto a Campo Lameiro, incluíranse o Parque do Megalitismo da Costa da Morte, o da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las, e o Parque da Romanización de Lugo. “Todos eles –concluía Feijoo- darán fe de que Galicia posúe unha prehistoria que a acredita como berce da nosa civilización”.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A día de hoxe, temos que lamentar que a maioría destes bens se atopen nun estado de abandono na maleza: cunha deficiente sinalización, accesos en mal estado, e carencia de información nestes xacementos. Algúns deles ademais, están afectados pola construción de pistas.

Fanse necesarias, entre outras, medidas relativas á identificación de cada un dos megalitos, reparacións imprescindibles e mellora de accesos, ademais do establecemento de zonas de aparcamento. Pero, sobre todo, medidas de conservación.

A responsabilidade fundamental da protección corresponde ao Goberno autonómico, polo que as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Acórdase o Goberno galego das eleccións do ano 2001, nas que se comprometeron a realizar un parque megalítico antes do ano 2005, parécenlle poucos anos para executar un proxecto coma este?

2ª) Non cre o Goberno galego que dende o 6 de febreiro de 2003 en que o Goberno poñía as bases do parque arqueolóxico da Costa da Morte e anunciaba un investimento de 4,6 millóns de euros, 85.000 euros para ese ano, non debería estar executado?

3ª) Considera o Goberno galego que a protección e a conservación do noso patrimonio cultural, por certo, no caso que nos ocupa estamos a falar de dolmens que figuran nas máis prestixiosas publicacións do Megalitismo europeo, debe estar sen tutela efectiva da Administración?



## Grupo Parlamentario

4ª) Que actuacións levou a cabo das recollidas no Plan arqueolóxico do megalitismo aprobado xustamente o 6 de febreiro de 2016 no Consello da Xunta, plan que xa fora anunciado un ano antes?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5ª) Que circunstancias se ten que dar para que o Goberno galego poña en valor e protexa un parque megalítico dos máis importantes de Europa que pode contribuír ao equilibrio territorial e o desenvolvemento económico da zona a través do turismo e a cultura?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2017 14:04:20**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2017 14:04:34**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2017 14:04:49**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Luis Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A provincia de Lugo -como toda Galicia pero incluso en maior medida-, está a sufrir un grave problema demográfico e un proceso de despoboación do rural que necesita de múltiples medidas para atallalo, pero en cambio o que está a facer a Xunta de Galicia é reducir os servizos básicos en educación e sanidade, o que impide vivir con normalidade no contorno rural, e polo tanto fixar a poboación.

Así está a pasar no concello de Baralla onde non hai servizo de pediatría cando nel viven 200 nenos e nenas que teñen que ir ao pediatra do Corgo.

Este profesional atende tamén a varios concellos máis da zona e, polo tanto, tan só esta dous días á semana no centro de saúde de O Corgo. O resto dos días os nenos e nenas de Baralla teñen que ir ao PAC de Fingoi en Lugo ou ao HULA. Por riba, o pediatra de O Corgo leva moitos meses de baixa sen que fora substituído polo que o problema médico para os nenos e nenas de Baralla prodúcese todos os días e o único recurso é ir a Lugo.

Ante esta situación inxusta, inaceptable e perigosa para a saúde dos nenos e nenas, unha asociación veciñal, co apoio da Federación de Veciños da Provincia de Lugo, ten recollido xa máis de 1.300 firmas dos 2.400 veciños censados do concello para solicitar que un pediatra consulte no centro de saúde de Baralla, cando menos dous días á semana, máxime cando o centro ten unha sala acondicionada para elo.

Dende logo consideramos que unha petición moi razoable que está apoiada por todos os grupos políticos do concello e que, dende o punto

 Grupo Parlamentario

de vista dos socialistas, é o mínimo que se pode esixir para ofertar unha sanidade cun mínimo de calidade.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Pensa o conselleiro de Sanidade terminar con esta situación inaceptable de falta de servizo de pediatría no concello de Baralla e admitir a sensata petición da veciñanza de contar cun pediatra dous días á semana?

2.<sup>a</sup>) Por que non é subsistido o pediatra que atende no concello do Corgo?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez  
Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2017 14:14:00**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2017 14:14:08**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 14:14:15**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 14:14:19**

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpabilizaba de calquera problema que xurdía ao Goberno galego, dende o mesmo momento de producirse, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende o xoves pasado, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción da Xunta de Galicia ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país. Nos cortes no subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos a súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez máis a súa incapacidade de coordinación.

A afectación nas infraestruturas de transporte foi especialmente grave na costa atlántica, os retrasos e as interrupcións de servizos ferroviarios, e a falla de coordinación no establecemento de servizos alternativos por estrada, fixo que os afectados se contaran por miles. Como exemplo, a liña ferroviaria Vigo – Ourense estivo case tres días inutilizada. E os transportes alternativos por estrada foron escasos, mal planificados e desenvolvidos cunha absoluta falla de información ás persoas usuarias.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tivo na vida cotiá dos galegos e das galegas os cortes nas liñas de transporte ferroviario no primeiro fin de semana de febreiro?
2. Vai considerar a Xunta de Galicia a apertura dun expediente informativo á Administración ferroviaria ante a prolongada afectación nas liñas férreas do temporal?
3. Vai esixir a Xunta de Galicia compensacións económicas a Administración ferroviaria polos danos provocados na actividade diaria das persoas polos retrasos e suspensión de servizos?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 14:11:10**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 14:11:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 14:11:19**





 [Grupo Parlamentario](#)

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2017 14:11:24**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpabilizaba de calquera problema que xurdía ao goberno da Xunta, dende o mesmo momento de producirse, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende fai case unha semana, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción do Goberno galego ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país, nos cortes no subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos a súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez máis a súa incapacidade de coordinación.

Lamentablemente, os cortes de subministro eléctrico nos concellos do rural galego son bastante habituais en moitas ocasións, e cando temos algunha adversidade meteorolóxica, algo habitual en Galicia durante o outono e o inverno, as e os habitantes do rural quedan a súa sorte, esquecidos pola Administración e polas empresas eléctricas.

No rural viven veciños e veciñas, que pagan os seus impostos e as súas facturas de enerxía, e que teñen dereito a ter unha calidade de vida digna, non tendo xustificación que cada certo tempo pasen horas, ou mesmo días, sen subministro eléctrico, impedindo que poidan facer unha vida cotiá en condicións normais e supoñendo, nalgúns casos, perdas económicas importantes derivadas destes cortes.

 Grupo Parlamentario

No caso das empresas establecidas no rural, sendo estas fundamentalmente explotacións gandeiras que precisan deste subministro para poder levar a cabo a súa actividade económica, supón un atranco engadido e importantes perdas económicas para as explotacións. Tamén empresas de servizos, como a hostalería, se viron moi afectadas por estes cortes.

Estamos falando de máis de 200.000 as persoas afectadas por estes cortes de electricidade antes do fin de semana, en algúns casos mais de dous días, o que supón en torno ao 20 % dos fogares existentes en Galicia. E, aínda o luns, tres ou catro días despois continúan miles de persoas sen subministro enerxético.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tivo na vida cotiá dos galegos e das galegas os cortes de subministro eléctrico nun gran número de concellos de Galicia?
2. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tiveron na actividade económica de moitas empresas e autónomos, nomeadamente o sector gandeiro e a hostalaría, os cortes de subministro eléctrico nun gran número de concellos de Galicia?
3. Vai considerar a Xunta de Galicia a apertura dun expediente ás compañías eléctricas polos cortes, tan prolongados no tempo e que afectaron a tantas áreas da comunidade autónoma, no subministro de enerxía eléctrica?
4. Vai esixir a Xunta de Galicia compensacións económicas ás compañías eléctricas polos danos provocados na actividade diaria de familias e empresas?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 14:11:40**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 14:11:47**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 14:11:56**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Alvarez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpabilizaba de calquera problema que xurdía ao goberno da Xunta, dende o mesmo momento de producirse, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende fai case unha semana, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción Goberno galego ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país, nos cortes no subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos a súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez máis a súa incapacidade de coordinación.

Lamentablemente, os cortes de subministro eléctrico nos concellos do rural galego son bastante habituais en moitas ocasións, e cando temos algunha adversidade meteorolóxica, algo habitual en Galicia durante o outono e o inverno, as e os habitantes do rural quedan a súa sorte, esquecidos pola Administración e polas empresas eléctricas.

No rural viven veciños e veciñas, que pagan os seus impostos e as súas facturas de enerxía, e que teñen dereito a ter unha calidade de vida digna, non tendo xustificación que cada certo tempo pasen horas, ou mesmo días, sen subministro eléctrico, impedindo que poidan facer unha vida cotiá en condicións normais e supoñendo, nalgúns casos, perdas económicas importantes derivadas destes cortes.

No caso das empresas establecidas no rural, sendo estas fundamentalmente explotacións gandeiras que precisan deste subministro para poder levar a cabo a súa actividade económica, supón un atranco engadido e importantes perdas económicas para as explotacións. Tamén empresas de servizos, como a hostalería, se viron moi afectadas por estes cortes.

Estamos falando de máis de 200.000 as persoas afectadas por estes cortes de electricidade antes do fin de semana, en algúns casos máis de dous días, o que supón en torno ao 20 % dos fogares existentes en Galicia. E, aínda o luns, tres ou catro días despois continúan miles de persoas sen subministro enerxético.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tivo na vida cotiá dos galegos e das galegas residentes no rural dos cortes de subministro eléctrico nun gran número de concellos de Galicia?
2. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tiveron na actividade económica de moitas empresas e autónomos, nomeadamente o sector gandeiro, os cortes de subministro eléctrico nun gran número de concellos de Galicia?
3. Vai considerar a Xunta de Galicia a apertura dun expediente ás compañías eléctricas polos cortes, tan prolongados no tempo e que afectaron a tantas áreas da comunidade autónoma, especialmente ao sector agrogandeiro, no subministro de enerxía eléctrica?
4. Vai esixir a Xunta de Galicia compensacións económicas ás compañías eléctricas polos danos provocados na actividade diaria de familias e empresas no medio rural?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López

 Grupo Parlamentario

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 14:12:06**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 14:12:15**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 14:12:18**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2017 14:12:27**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os últimos días da semana pasada, Galicia sufriu unha serie de episodios meteorolóxicos adversos, que deron lugar a distintas declaracións de niveis de alerta amarela, laranxa e vermella, que afectaron á práctica totalidade da comunidade autónoma.

Como consecuencia dos temporais, os centros educativos sufriron, como outras moitas infraestruturas públicas e equipamentos, danos de diversa consideración.

Tamén se ten constancia da suspensión das actividades lectivas en varios centros educativos, se ben a única disposición que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adoptou ao respecto foi a suspensión das actividades ao aire libre dende as 15,00 horas do venres 3 de febreiro; por certo, suspensión que non se fixo extensible a actividades como aos campionatos deportivos, aínda que iso non é competencia da citada consellería.

Está establecido un protocolo interno entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a coordinación de actuación nos supostos de alerta meteorolóxica.

Ese protocolo establece que, para o caso de declaración de alerta amarela, que quere dicir que non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral aínda que si para algunha actividade concreta (fenómenos meteorolóxicos habituais pero potencialmente perigosos), se as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco superior ao declarado os directores deberán adoptar decisións de suspensión da actividade docente, así mesmo incluíndo as decisións oportunas para as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre as actividades extraescolares.



## Grupo Parlamentario

O anterior, supón transferir unha competencia ás direccións dos centros escolares, cando existen mecanismos alternativos, caso dos servizos de protección civil, que poderían informar ás correspondentes xefaturas territoriais sobre as medidas axeitadas en cada momento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que centros educativos da provincia da Coruña sufriron danos durante os temporais que afectaron recentemente á nosa comunidade autónoma e que danos sufriron?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que eses danos gardan algunha relación coa falla de mantemento neses centros?

3ª) En que centros da provincia da Coruña se suspenderon as actividades lectivas por parte dos equipos directivos, no seu caso, cal foi a motivación desas suspensións?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2017 16:28:44**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2017 16:28:58**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 16:29:09**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2017 16:29:55**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2017 16:30:07**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 16:30:21**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os últimos días da semana pasada, Galicia sufriu unha serie de episodios meteorolóxicos adversos, que deron lugar a distintas declaracións de niveis de alerta amarela, laranxa e vermella, que afectaron á práctica totalidade da comunidade autónoma.

Como consecuencia dos temporais, os centros educativos sufriron, como outras moitas infraestruturas públicas e equipamentos, danos de diversa consideración.

Tamén se ten constancia da suspensión das actividades lectivas en varios centros educativos, se ben a única disposición que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adoptou ao respecto foi a suspensión das actividades ao aire libre dende as 15,00 horas do venres 3 de febreiro; por certo, suspensión que non se fixo extensible a actividades como aos campionatos deportivos, aínda que iso non é competencia da citada consellería.

Está establecido un protocolo interno entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a coordinación de actuación nos supostos de alerta meteorolóxica.

Ese protocolo establece que, para o caso de declaración de alerta amarela, que quere dicir que non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral aínda que si para algunha actividade concreta (fenómenos meteorolóxicos habituais pero potencialmente perigosos), se as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco superior ao declarado os directores deberán adoptar decisións de suspensión da actividade docente, así mesmo incluíndo as decisións oportunas para as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre as actividades extraescolares.

## Grupo Parlamentario

O anterior, supón transferir unha competencia ás direccións dos centros escolares, cando existen mecanismos alternativos, caso dos servizos de protección civil, que poderían informar ás correspondentes xefaturas territoriais sobre as medidas axeitadas en cada momento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que centros educativos da provincia de Lugo sufriron danos durante os temporais que afectaron recentemente á nosa comunidade autónoma e que danos sufriron?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que eses danos gardan algunha relación coa falla de mantemento neses centros?

3ª) En que centros da provincia de Lugo se suspenderon as actividades lectivas por parte dos equipos directivos, no seu caso, cal foi a motivación desas suspensións?

Pazo do parlamento, 7 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2017 16:30:52**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2017 16:31:05**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 07/02/2017 16:31:17**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Raúl Fernández Fernández e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os últimos días da semana pasada, Galicia sufriu unha serie de episodios meteorolóxicos adversos, que deron lugar a distintas declaracións de niveis de alerta amarela, laranxa e vermella, que afectaron á práctica totalidade da comunidade autónoma.

Como consecuencia dos temporais, os centros educativos sufriron, como outras moitas infraestruturas públicas e equipamentos, danos de diversa consideración.

Tamén se ten constancia da suspensión das actividades lectivas en varios centros educativos, se ben a única disposición que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adoptou ao respecto foi a suspensión das actividades ao aire libre dende as 15,00 horas do venres 3 de febreiro; por certo, suspensión que non se fixo extensible a actividades como aos campionatos deportivos, aínda que iso non é competencia da citada consellería.

Está establecido un protocolo interno entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a coordinación de actuación nos supostos de alerta meteorolóxica.

Ese protocolo establece que, para o caso de declaración de alerta amarela, que quere dicir que non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral aínda que si para algunha actividade concreta (fenómenos meteorolóxicos habituais pero potencialmente perigosos), se as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco superior ao declarado os directores deberán adoptar decisións de suspensión da actividade docente, así mesmo incluíndo as decisións oportunas para as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre as actividades extraescolares.

## Grupo Parlamentario

O anterior, supón transferir unha competencia ás direccións dos centros escolares, cando existen mecanismos alternativos, caso dos servizos de protección civil, que poderían informar ás correspondentes xefaturas territoriais sobre as medidas axeitadas en cada momento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que centros educativos da provincia de Ourense sufriron danos durante os temporais que afectaron recentemente á nosa comunidade autónoma e que danos sufriron?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que eses danos gardan algunha relación coa falla de mantemento neses centros?

3ª) En que centros da provincia de Ourense se suspenderon as actividades lectivas por parte dos equipos directivos, no seu caso, cal foi a motivación desas suspensións?

Pazo do parlamento, 7 de febreiro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2017 16:31:39**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2017 16:31:52**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 16:32:04**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 16:32:20**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os últimos días da semana pasada, Galicia sufriu unha serie de episodios meteorolóxicos adversos, que deron lugar a distintas declaracións de niveis de alerta amarela, laranxa e vermella, que afectaron á práctica totalidade da comunidade autónoma.

Como consecuencia dos temporais, os centros educativos sufriron, como outras moitas infraestruturas públicas e equipamentos, danos de diversa consideración.

Tamén se ten constancia da suspensión das actividades lectivas en varios centros educativos, se ben a única disposición que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adoptou ao respecto foi a suspensión das actividades ao aire libre dende as 15,00 horas do venres 3 de febreiro; por certo, suspensión que non se fixo extensible a actividades como aos campionatos deportivos, aínda que iso non é competencia da citada consellería.

Está establecido un protocolo interno entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a coordinación de actuación nos supostos de alerta meteorolóxica.

Ese protocolo establece que, para o caso de declaración de alerta amarela, que quere dicir que non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral aínda que si para algunha actividade concreta (fenómenos meteorolóxicos habituais pero potencialmente perigosos), se as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco superior ao declarado os directores deberán adoptar decisións de suspensión da actividade docente, así mesmo incluíndo as decisións oportunas para as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre as actividades extraescolares.

## Grupo Parlamentario

O anterior, supón transferir unha competencia ás direccións dos centros escolares, cando existen mecanismos alternativos, caso dos servizos de protección civil, que poderían informar ás correspondentes xefaturas territoriais sobre as medidas axeitadas en cada momento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que centros educativos da provincia de Pontevedra sufriron danos durante os temporais que afectaron recentemente á nosa comunidade autónoma, e que danos sufriron?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que eses danos gardan algunha relación coa falla de mantemento neses centros?

3ª) En que centros da provincia de Ourense se suspenderon as actividades lectivas por parte dos equipos directivos, no seu caso, cal foi a motivación desas suspensións?

Pazo do parlamento, 7 de febreiro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2017 16:32:35**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2017 16:32:45**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 16:32:58**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2017 16:33:09**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 16:33:17**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2017 16:33:24**

 Grupo Parlamentario

## Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertida no documento con número de rexistro 4681.

Na pregunta número 3ª), onde di: “En que centros da provincia de Ourense ....”, debe dicir: “En que centros da provincia de Pontevedra ....”

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 08/02/2017 14:00:15**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/02/2017 14:00:27**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2017 14:00:40**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2017 14:00:51**

**Julio Torrado Quintela na data 08/02/2017 14:00:59**

**María Luisa Pierres López na data 08/02/2017 14:01:05**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Aínda que formalmente non comezaron as negociacións para o coñecido como Brexit, é dicir, o abandono da Unión Europea por parte do Reino Unido, o pasado 17 de xaneiro, a súa primeira ministra anunciou unha saída completa. Theresa May sinalou entre as prioridades que guiarán a negociación do Goberno británico, a de garantir os dereitos dos nacionais doutros países da UE que viven en Reino Unido, así como os dos británicos residentes noutros países do bloque.

Como consecuencia da crise económica e da falta de oportunidades en España, centos de miles de españois, na súa maioría persoas novas e ben formadas, buscaron noutros países as oportunidades laborais que non atoparon no noso país. En Reino Unido, as estatísticas oficiais publicadas polo INE en marzo de 2016 falan de 102.498 españolas e españois residentes, dos cales segundo datos do IGE 13.362 son galegos.

Con todo, organizacións de emigrantes, aseguran que, atendendo a outras estatísticas oficiais como a de españois que obteñen o número de seguridade social británico (National Insurance number), demóstrase que as cifras reais son significativamente superiores.

Os socialistas vimos denunciando nos derradeiros anos que as trabas impostas dende a Administración para facer oficiais os cambios de residencia temporal, por exemplo, a que se refire á conservación do dereito á asistencia sanitaria en España se comunicou o traslado ao estranxeiro transcorridos tres meses desde a saída do noso país. En efecto, segue sen resolverse a perda dese dereito mentres as e os españois deciden probar a viabilidade do seu proxecto migratorio.

## Grupo Parlamentario

Os dereitos adquiridos polas españolas e españois, como cidadás e cidadáns da UE, que residen por calquera circunstancia en Reino Unido (traballo por conta allea ou propia, bolsas, prácticas, estudos, reagrupación familiar, etc.), non deberían verse en perigo polo Brexit.

As expectativas referidas á posible imposición de requisitos máis esixentes para renovar a autorización de residencia, á reagrupación familiar, á posibilidade ou non de ter cobertura social en caso de necesidade, etc, é lóxico que hoxe estean entre as moitas preguntas sen resposta que se estarán facendo os que forman este colectivo.

Dende o Grupo Socialista consideramos que, a pesar das moitas materias concernidas neste proceso que vai afectar tanto á circulación de mercadorías, servizos, capitais, e traballadores e traballadoras, é unha prioridade absoluta o que ocorra coa situación destes últimos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Máis aló dos datos que coñecemos a través do IGE, dispón a Xunta de Galicia de informes ao respecto que indiquen que as cifras reais de residentes galegos e galegas en Reino Unido son significativamente superiores ás oficiais?
2. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para coñecer a situación administrativa dos residentes galegos e galegas neste país?
3. Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para mitigar as consecuencias negativas para as e os emigrantes galegos derivadas do chamado brexit, asociadas á negociación previa da Unión Europea e o Reino Unido?

 Grupo Parlamentario

4. En concreto como ten previsto defender, tralo brexit, a Xunta de Galicia o mantemento dos dereitos laborais dos milleiros de mozos e mozas galegas que emigraron nos derradeiros anos a Reino Unido?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 16:58:32**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2017 16:58:37**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2017 16:58:42**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 16:58:47**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende o ano 2009 o número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galicia reduciuse nun 21 %, caendo segundo datos do IGE, dende as 73.823 ata as 58.271 rexistradas o 31 de decembro de 2016.

O descenso foi especialmente acentuado ata decembro de 2013 (12.500 menos en só catro anos), pero a destrución de emprego, aínda que ralentizada, non se detivo dende entón, con tres mil afiliacións menos nos últimos tres anos.

A situación dos dous últimos anos tampouco é boa. O descenso no número de afiliacións é menor, pero continúa. De feito, 47 das 53 comarcas seguiron a perder empregos no sector primario.

O peso no emprego do sector primario pasou do 6,7 % en decembro de 2014, ao 6,4 % en decembro de 2015 e ao 6,2 % en decembro de 2016.

En nove comarcas, todas do sur de Galicia, a destrución de postos de traballo superou o 30 %, sendo esta especialmente dramática nos casos de Terra de Celanova, cun descenso do 44,93 %, e O Carballiño, cunha perda de postos de traballo do 38,48 %.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos do número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galicia?

**Grupo Parlamentario**

2. Cal cre o Goberno galego que son as causas da perda de afiliacións a Seguridade Social no sector primario na nosa Comunidade Autónoma?
3. Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño?
4. Cal é o cronograma de posta en marcha desas medidas?
5. Como ten previsto o Goberno galego potenciar a creación de postos de traballo no sector agrogandeiro nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
José Antonio Quiroga Díaz  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 17:29:55**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 17:30:02**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 17:30:08**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 17:30:13**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 07/02/2017 17:30:18**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Dende o ano 2009 o número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galicia reduciuse nun 21 %, caendo segundo datos do IGE, dende as 73.823 ata as 58.271 rexistradas o 31 de decembro de 2016. O descenso foi especialmente acentuado ata decembro de 2013 (12.500 menos en só catro anos), pero a destrución de emprego, aínda que ralentizada, non se detivo dende entón, con tres mil afiliacións menos nos últimos tres anos.

A situación dos dous últimos anos tampouco é boa. O descenso no número de afiliacións é menor, pero continúa. De feito, 47 das 53 comarcas seguiron a perder empregos no sector primario.

O peso no emprego do sector primario pasou do 6,7 % en decembro de 2014, ao 6,4 % en decembro de 2015 e ao 6,2 % en decembro de 2016.

En nove comarcas, todas do sur de Galicia, a destrución de postos de traballo superou o 30 %, sendo esta especialmente dramática nos casos de Terra de Celanova, cun descenso do 44,93 %, e O Carballiño, cunha perda de postos de traballo do 38,48 %.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos do número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galicia?
2. Cal cre o Goberno galego que son as causas da perda de afiliacións a Seguridade Social no sector primario na nosa Comunidade Autónoma?

**Grupo Parlamentario**

3. Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño?
4. Cal é o cronograma de posta en marcha desas medidas?
5. Como ten previsto o Goberno galego potenciar a creación de postos de traballo no sector agrogandeiro nas comarcas de Terra de Celanova e O Carballiño?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
José Antonio Quiroga Díaz  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 17:31:23**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 17:31:29**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 17:31:34**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 17:31:40**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 07/02/2017 17:31:44**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa aos danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de sucesivos temporais que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrais, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Por estas razóns, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª

- Ten obrigado ou vai obrigar a Xunta de Galiza ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?
- Ten establecido ou vai establecer a Xunta de Galiza medidas sancionadoras ás empresas prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo?
- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polo temporal e as deficiencias da rede sobre a economía galega?
- Ten recibido a Xunta de Galiza información por parte das empresas subministradoras de electricidade das causas na demora do restablecemento da electricidade?
- Que medidas correctoras esixiu ou vai exixir o goberno galego por parte das empresas subministradoras de electricidade?
- Ten orzado a Xunta de Galiza as axudas necesarias para particulares e empresas por causa do temporal? En que contías?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2017 17:51:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2017 17:51:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2017 17:51:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2017 17:51:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2017 17:51:52**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/02/2017 17:58

Nº Rexistro: 4696

Data envío: 07/02/2017 17:58:49.504

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2017 17:51:54**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpaba de calquera problema que xurdía ao Goberno da Xunta, dende o mesmo momento de se producir, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende hai case unha semana, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción do Goberno da Xunta ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país, nos cortes do subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos á súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez mais a súa incapacidade de coordinación.

Os efectos do temporal tiveron unha especial incidencia nas infraestruturas marítimas e portuarias, dificultando e mesmo impedindo o desenvolvemento de actividades económicas, por suposto no mar, pero tamén en terra. O risco para a navegación, prodúcese entre outras causas, como consecuencia dos danos nas estruturas dos portos, algunhas recupéranse pero outras permanecen á deriva, co consecuente risco de colisión ou incluso naufraxio para as embarcacións.

Outras veces, a falta de execución de dragaxes, que se veñen demandando como imprescindibles para a seguridade da flota, coma no caso de Porto de Foz ou o Porto de Laxe, neste último, o Porto quedou totalmente baleiro xa que as embarcacións tiveron que buscar refuxio noutros portos como os de Camariñas e A Coruña.

## Grupo Parlamentario

Temporais que causan perdas para a flota profesional e o conxunto do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, con embarcacións afundidas e algunhas á deriva. Incluso os *drakkar vikingos* do Concello de Catoira encallados no lodo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Lamentablemente, cando temos algunha adversidade meteorolóxica, algo habitual en Galicia durante o outono e o inverno, os habitantes dos núcleos costeiros quedan á súa sorte, esquecidos pola administración.

Alí viven veciños e veciñas, que pagan os seus impostos, e que teñen dereito a recibir a protección e as axudas das emerxencias da Administración autonómica. Os efectos dos temporais nas infraestruturas portuarias e marítimas son sempre moi graves e teñen importantes e negativos efectos.

O sector turístico tamén se viu prexudicado polo temporal, así en lugares como Muxía, durante tres días, sen fornezo eléctrico en varios puntos do municipio, provocou graves perdas nalgúns dos establecementos na atención ás reservas dos clientes.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tivo na vida cotiá dos galegos e das galegas dos núcleos costeiros o temporal dos días pasados?

2ª) É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tiveron na actividade económica de moitas empresas e autónomos, nomeadamente o sector pesqueiro e a hostalaría, os efectos do temporal?

3ª) Vai considerar a Xunta de Galicia a apertura dalgunha liña de axudas para as empresas e autónomos afectados polos efectos do temporal nas zonas costeiras?

---

**Grupo Parlamentario**

4ª) Vai considerar o Goberno galego a apertura dalgunha liña de actuacións excepcionais e urxentes para aquelas infraestruturas portuarias, pesqueiras ou turísticas afectadas polo temporal nas zonas costeiras?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

---

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2017 18:24:29**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 18:24:43**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 18:24:51**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 18:24:56**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A chegada do inverno tende a provocar anualmente unha epidemia de gripe en Galicia, que xera unha afluencia maior do habitual aos centros de saúde e centros hospitalarios. A limitación de recursos, persoais e materiais, que hoxe sofren os servizos sanitarios provocan que calquera situación de estrés asistencial xere problemas loxísticos, organizativos e de eficiencia dos servizos.

No inicio do mes de xaneiro, a saturación do Servizo de Urgencias que se produciu no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) xerou situacións caóticas, que produciron largas esperas dos e das pacientes en salas, en camas acumuladas nos corredores e con agardas para hospitalización de ata 20 horas (“Una guardia muy dura”, La Voz de Galicia, 02.01.2017). Os e as profesionais achacan a situación á falta de persoal, que reduce a capacidade de atención, e á falta de recursos materiais e a súa posta en funcionamento (ausencia de camas, redución de espazos útiles ...). As deficiencias xerais na xestión dos centros hospitalarios, que unicamente se suplen co esforzo extra dos e das profesionais do sistema sanitario.

No Pleno do Parlamento de Galicia do 24 de xaneiro deste mesmo ano, o Grupo Socialista presentou a debate unha iniciativa formulando a implementación de recursos para solventar os problemas de saturación, e solicitando informes das xerencias das áreas sanitarias sobre as previsións ante o esperado pico da gripe e sobre a eficiencia resultante dos plans de continxencias. Nesta iniciativa se pretendía coñecer se existiran previsións que reprogramaran intervencións cirúrxicas que liberaran camas para facilitar os ingresos hospitalarios previstos, se se activaron todos os recursos persoais a disposición, se houbo reforzo especial do servizo de urgencias e do servizo de pneumoloxía, así como outras medidas posibles que se puideron ter considerado. A proposición foi rexeitada co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular.

 Grupo Parlamentario

A situación asistencial do CHUAC volveu a estar en entredito pola saturación de urxencias nos últimos días, froito dos mesmos problemas sinalados xa con motivo do pico da gripe de inicios de xaneiro. O número de urxencias ten superado as 400 en varios días, e o índice de hospitalización elevouse por riba do 20 %, superando en 4 % os datos no mesmo mes do ano pasado. A situación límite forzou a medidas novamente extraordinarias como a ampliación de camas por habitación, ou abrir espazos novos noutras plantas hospitalarias. As medidas tomadas naquel momento foron extemporáneas e moi limitadas, non conquerindo ningunha mellora estrutural para os servizos do centro. A situación actual repítese con respecto á que foi xa denunciada polos e polas profesionais e pacientes, e, polo tanto, a problemática segue sendo a mesma, e a capacidade de resposta ante os problemas asistenciais, segue sendo igual.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.Como valora o Goberno galego as situacións repetidas de saturación dos servizos de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña?
- 2.Considera a Xunta de Galicia que os problemas de saturación do CHUAC se deben a problemas circunstanciais ou teñen motivación no déficit de recursos materiais e persoais reclamados polos e polas profesionais?
- 3.Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan de continxencia ante as previsibles novas saturacións de urxencias en futuras ocasións?
- 4.Considera o Goberno galego que é positivo que as xerencias das áreas sanitarias non informen dos plans de medidas de previsión ante as saturacións e acumulacións de pacientes?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2017 19:22:25**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2017 19:22:31**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2017 19:22:36**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 19:22:41**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á valoración do goberno galego do impacto na economía galega da decisión do goberno luso de promover un macropolígono entre Valença do Minho e Vila Nova de Cerveira para captar máis industria.

Segundo recentes noticias, o goberno portugués está a traballar na promoción e desenvolvemento dun macropolígono situado entre Valença e Cerveira coa intención de captar así máis industria edificando nunha zona de até 140 hectáreas entre ambas as dúas localidades e aproveitar de forma especial unha conexión vía EN-13 -Sapardos. Concretamente, isto implica un parque en desenvolvemento que está a poucos quilómetros de distancia dos concellos de Tui ou de Porriño no sur de Pontevedra.

As estratexias destas localidades portuguesas, do mesmo xeito que outras semellantes que temos coñecido ben pola prensa ben polas comunicacións públicas do goberno luso amosan unha batería de estratexias conducentes a absorber un maior volume de empresas e industria relacionadas co desenvolvemento do automóbil, o que podería ter consecuencias sobre a economía galega ao atraer máis empresas de matriz galega e desincentivar a incorporación de novas empresas a solo galego por atoparen mellores opcións a poucos quilómetros.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde o grupo parlamentar do BNG observamos con preocupación a crecente deslocalización e os efectos que parece anunciar sobre a industria galega, polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

-Que medidas impulsou ou vai impulsar a Xunta de Galiza para evitar a crecente deslocalización cara Portugal?

-Que valoración fai o goberno galego das alianzas entre cámaras municipais portuguesas para ampliar solo industrial e aumentar a competitividade nun sector tan importante para o sur galego?

-Ten pensado a Xunta promover novas medidas para facer competitivo o seu chan industrial? Cales?

-Ten avaliado a Xunta a posibilidade de mellorar e promocionar polígonos industriais do sur de Ourense e Pontevedra para atraer novas empresas vinculadas á automoción?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 10:17:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 10:17:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 10:17:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 10:17:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 10:17:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 10:17:21**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa a obter información das conclusións ás que chegou o goberno galego após o expediente informativo de febreiro de 2017 ás compañías distribuidoras de electricidade.

O pasado 6 de febreiro de 2016 a Xunta de Galiza comunicou que a raíz do temporal vivido no noso país “A Xunta está avaliando a situación tras os cortes no subministro eléctrico que se produciron en Galicia a causa do temporal dos últimos días para o que abrirá un expediente informativo ás compañías distribuidoras co obxecto de confirmar que os protocolos de traballo seguidos foron os axeitados.”

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Que valoración fai o goberno galego das actuacións levadas a cabo por parte das compañías eléctricas para xestionar as incidencias durante o temporal?
- Considera a Xunta de Galiza que se cumpriron os protocolos de maneira suficiente?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten avaliado o goberno galego se as compañías eléctricas cumpren de forma suficiente as esixencias en materia de prevención de incendios e acondicionamento das zonas de paso das liñas eléctricas?
- Ten constancia o goberno galego de se cumpren as distribuidoras os límites de calidade das liñas?
- Como valora o goberno galego o proceder das compañías eléctricas canto á subsanación de danos para as persoas afectadas?
- Ten información a Xunta de Galiza a respecto da cantidade de persoas afectadas polos danos do temporal así como das contías económicas?
- Presentou ou vai presentar a Xunta de Galiza sancións contra as compañías eléctricas?
- Ten pensado o goberno galego instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 10:54:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 10:54:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 10:55:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 10:55:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 10:55:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 10:55:13**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre as deficiencias no CEIP Luís Pimentel de Lugo.

Hai anos que alumnos, familias e profesorado do CEIP Luís Pimentel veñen denunciando as insuficientes instalacións do centro para acoller a un número crecente de alumnos nunha liña de infantil, primaria e un comedor escolar que mesmo se distribúen en tres edificios diferentes. Estas necesidades fóronse cubrindo con reformas continuas que acabaron deixando o centro sen espazos e aulas comúns. Así, a día de hoxe a aula de plástica ou o laboratorio teñen que compartir espazo para que nenas e nenos teñan unha biblioteca.

Tamén hai problemas coas aulas de infantil, repartidas en edificios diferentes, e que a día de hoxe incumpren a normativa que obriga tanto a que todo o ciclo de infantil se imparta no mesmo centro como a que as aulas dos máis pequenos teñan baños dentro das mesmas para a correcta atención do alumnado.

Por outra banda téñense denunciado problemas nos patios de recreo que inciden nun elevado índice de siniestralidade no seguro escolar da ANPA e que malia a intervención nos mesmos seguen sen cubrir as necesidades do alumnado, que non ten espazos suficientes para as horas de lecer, nin para as actividades de educación física.





Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Ten o Goberno galego previsto cubrir as deficiencias do CEIP Luís Pimentel?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 08/02/2017 11:08:22**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/02/2017 11:08:49**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á recuperación pública dos saltos hidroeléctricos.

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu PIB e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesares desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar una estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Así, o deseño da produción eléctrica en Galiza caracterizouse por ser un deseño alleo, dende a esfera estatal, onde os poderes públicos galegos non tiveron nunca voz nin voto, e foi tamén e en consecuencia un deseño contrario aos intereses e necesidades de Galiza. Un dos exemplos máis evidentes atopámolo no desenvolvemento da enerxía hidráulica en Galiza e a conseguinte construción de presas e encoros, cunhas fortísimas consecuencias sociais e medioambientais no noso territorio, unha concepción franquista co obxectivo de subministrar enerxía ao centro do Estado sen que nin o noso país nin especificamente as zonas afectadas obtivesen compensación ou beneficio de ningún tipo.

As compañías eléctricas explotan en Galiza a maior parte das centrais hidráulicas existentes. Fano a través de concesións outorgadas polo Estado con duracións de entre 50 e 75 anos. Parte delas mesmo foron transferidas a mans privadas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

no último cuarto de século mediante o proceso de privatización das empresas públicas do extinto INI, o que permitiu aumentar o crecente negocio do sector.

En todo caso, a gran maioría das centrais hidroeléctricas foron construídas hai xa décadas, sendo investimentos que, debido á estrutura do mercado eléctrico, están sobradamente amortizados, sendo na práctica unhas máquinas de xerar beneficios grazas a decisións políticas discrecionais e ao uso privado que realizan dun ben público como é a auga.

Boa parte das concesións caducan nos próximos anos, o que pon sobre a mesa o escenario futuro unha vez rematada a concesión e xa que logo, a expectativa do regreso desas instalacións á xestión pública. Nese escenario, sería máis que desexábel que a xestión e explotación se levase a cabo directamente a través dos poderes públicos. Así, consideramos que a creación dunha empresa pública galega sería o instrumento acaído para garantir a titularidade pública e unha xestión que teña en conta as necesidades do país.

En resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG a pasada lexislatura, o Director Xeral de Augas de Galiza anunciou que ante o remate das concesións de saltos hidroeléctricos a Xunta avaliará o seu futuro uso tras o desenvolvemento dos expedientes administrativos e confirmou que só existe un salto con cláusula social, das 44 centrais de gran hidráulica.

Recuperar a xestión pública das centrais é unha cuestión estratéxica. Cabe ter en conta que como consecuencia dos procesos de privatización, as compañías fixéronse cunha serie de instalacións construídas con investimentos públicos e cuxa produción é case todo beneficio é para elas. A xestión pública dos saltos e encoros permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

condicións económicas e sociais máis desfavorábeis poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico.

Esta medida entronca coa óptica de que se deben diferenciar tarifas en función da condición dun territorio en relación coa produción eléctrica, unha óptica que o BNG leva tempo a reivindicar, e que en Galiza tería a súa concreción nunha tarifa eléctrica galega acorde á nosa condición de produtores excedentarios de enerxía eléctrica.

Por último, cómpre salientar tamén que, recentemente, o diario “Público” sinalaba que “o goberno (do Estado) intenta esquivar a eminente nacionalización das hidroeléctricas”, e engadía que, a pesares de que o goberno rexeitaba aclarar os seus plans ante o inicio da caducidade en cascada das concesións máis rendíbeis do sector eléctrico, manobrava para evitar que a súa xestión pase a ser pública. De confirmarse estes feitos suporían un novo atranco por parte do goberno central a un desenvolvemento enerxético propio.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

-Pode garantir a Xunta de Galiza que se están a cumprir as cláusulas sociais que puidesen estar contempladas nas diferentes concesións de saltos hidroeléctricos?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos que rematan nos vindeiros tres anos? De ser a resposta afirmativa, cales?

-Dispón a Xunta de Galiza de información completa sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos existentes en Galiza, onde cando menos se contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que iniciativas ten previsto levar a cabo a Xunta de Galiza ante o remate das concesións de saltos hidroeléctricos?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza o futuro dos concesións de saltos hidroeléctricos tras o desenvolvemento dos expedientes administrativos, tal e como se anunciou na pasada lexislatura?

-Ten previsto a Xunta de Galiza algunha iniciativa para o aproveitamento público dos saltos hidroeléctricos que rematen a súa concesión?

-Ten a Xunta de Galiza información a respecto das intencións do Goberno do Estado ante a situación de remate das concesións de saltos hidroeléctricos?

-Que valoración realiza a Xunta do feito de que so unha das 44 centrais de gran hidráulica teña cláusulas sociais?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 11:18:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 11:19:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 11:19:11**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 11:19:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 11:19:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 11:19:20**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A pataca (*Solanum tuberosum*) colleu carta de natureza nas nosas leiras a partir do século XIX e axudou notablemente na mantenza das familias do noso país, mesmo permitiu aguantar en mellores condicións os envites da fame. Desde esa época forman parte tanto da paisaxe como da dieta e tradición culinaria galega.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da polilla guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas Illas Canarias, e en 2015 detectase a súa presenza na zona de Ferrolterra, desde onde se expandiu a todos os concellos da Mariña lucense.

A día de hoxe, polas noticias que se coñecen, a praga está radicada no norte das provincias da Coruña e de Lugo, pero non hai elementos que nos dean seguranza da extensión da praga máis alá da zona indicada no norte da Coruña e Lugo.

De momento as grandes zonas de cultivo de pataca como A Limia e Bergantiños parece que están libres da presenza da praga ao igual que outra das zonas con IXP como é Lemos, pero non é menos certo que unha das zonas con IXP da pataca si está afectada, Terra Chá-Mariña lucense.

Á espera das medidas que se podan concretar no esperado decreto do Ministerio de Agricultura (por afectar a dúas comunidades autónomas) a Consellería ten posta en marcha unha corentena que prohibe a saída da pataca. Se ben é certo que o control de plantación e comercialización dos grandes e medianos produtores pode ser doado e efectivo, pero non é menos certo que existen milleiros de potenciais cultivadores para autoconsumo que fan case imposible o control sobre o cultivo a pequena escala, e polo tanto do control da praga coa estratexia anunciada pola Consellería.

## Grupo Parlamentario

Diante da alarma suscitada pola presenza da polilla nas leiras do norte de Galicia, e sobre todo pola posibilidade da súa extensión ao resto do territorio e ás grandes zonas de cultivo para comercialización, estamos convencidos de que hai que avanzar tanto na diagnose como no xeito de tratamento desta praga.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación o os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal e delimitación actual da zona afectada, e a que concellos afecta, que mecanismos de control se están a levar a cabo para coñecer a expansión xeografía da praga, estanse a facer controis nas grandes zonas produtoras de pataca para detectar a presenza da polilla?

2ª) É consciente a Consellería do Medio Rural de que unha parte dos veciños e veciñas que cultivan a pataca en réxime de autoconsumo nas zonas afectadas, xa teñen feitas as súas plantacións, e que outros xa teñen mercada a semente, hai pensado algunha medida para controlar a praga entre os cultivadores de consumo propio?

3ª) Dado que hai moitos veciños do rural que continúan coa costume do autoconsumo deste cultivo e cós que vai ser difícil manter os mecanismos de control propostos pola Consellería para erradicar esta praga, hai posto en marcha por parte da Consellería algún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para atopar algún outro tipo de solución para erradicar esta praga?

4ª) Ten a Consellería previsto algún plan de indemnizacións para os afectados, ben por non poder plantar e/ou vender patacas da semente, ou chegado o momento por desfacerse da produción

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**





 [Grupo Parlamentario](#)

**José Antonio Quiroga Díaz na data 08/02/2017 11:27:02**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/02/2017 11:27:14**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, radicado en Ourense, púxose en marcha a través dun convenio, asinado no ano 2008, subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. No ano 2010 comezaban as obras.

Este centro, proxectado cunha superficie de 3.000 metros cadrados, finánciase ao 100 % cunha achega total de 7.330.000 € do Programa operativo FEDER 2007-2013, que teñen coma beneficiarios ao Ministerio de Agricultura, Alimentación, e Medio Ambiente (6.730.000 €), e á Xunta de Galicia (600.000 €). O obxectivo do mesmo era *“acercar á sociedade a importancia ecolóxica destes espazos naturais e da Rede Natura 2000, mediante unha concienciación medioambiental das implicacións que supoñen estas figuras de protección, empregando para elo como instrumento un Centro de Interpretación dedicado ao coñecemento dos espazos naturais Protexidos y da Rede Natura 2000 de Galicia”*.

En novembro do ano 2011, parálizase as obras poñendo en perigo o financiamento, e o Plan Estratéxico de Termalismo de Ourense, que establece esta ribeira como estratéxica no termalismo de Ourense.

En novembro de 2012 vólvese a subscribir un segundo convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para finalizar o Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, pero na actualidade as obras permanecen paralizadas.

## Grupo Parlamentario

Un informe da Consellería de Medio Ambiente determinaba que o desbloqueo do Centro de Interpretación de Parques Naturais pasaría pola construción dun muro de contención no perímetro do edificio, contemplando esa como única saída para facer viable un proxecto que acumula varios anos de atraso e que se converteu nun espazo a medio construír e cheo de maleza, abocado á súa demolición en caso de non contar con esa protección ao atoparse en zona inundable tras o cambio de lexislación en 2012.

O período de lexislabilidade do marco financeiro do Programa Operativo FEDER 2007-2013 no que se incluía este proxecto, de acordo coa regra n+2, concluíu o pasado 31 de decembro de 2015 sen que se rematara a execución das obras do citado Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, e polo tanto sen que se xustificaran os fondos asignados.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Renuncia o Goberno autonómico a que Ourense dispoña dun Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia?
2. Cal foi a inversión que, ata a paralización das obras, fixo o Goberno galego na construción do Centro de Interpretación de Parques Naturais?
3. Recibiu a Xunta de Galicia algunha notificación da Unión Europea acerca dos fondos comunitarios dedicados á construción desta infraestrutura?
4. En caso afirmativo, cal é a valoración que dende a UE se fai do emprego dos fondos comunitarios asignados á construción desta infraestrutura?
5. Ten previsto o Goberno galego modificar o proxecto desta infraestrutura para construír un muro de contención no perímetro do edificio?
6. Mantivo a Xunta de Galicia contactos co Goberno de España e o Concello de Ourense para a redacción do novo proxecto deste centro?
7. En caso afirmativo, cal se decidiu que sexan os usos aos que se dedique esta infraestrutura?

 Grupo Parlamentario

8. Cando está previsto que se renoven as obras do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2017 12:49:47**

**Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2017 12:49:54**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2017 12:50:05**

**María Luisa Pierres López na data 08/02/2017 12:50:10**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Goberno galego vén de publicar através do DOG a relación de concellos, até 31, nos que se impón a corentena por mor da praga de couza guatemalteca. Unha situación que impide a recolleita de pataca nestas localidades ao tempo que aconsella paralizar novas plantacións.

A couza guatemalteca detectouse en 1999 nas Illas Canarias e xa se ten constancia dela na Galiza desde 2015 fixándose mesmo un plan de contención nos concellos de Ferrol, Narón e Neda ese ano. Así as cousas detectáronse novos focos na zona da Mariña que poñen en evidencia que ese plan non evitou a súa propagación.

Despois da publicación do decreto no que se establece a corentena persoas dedicadas á agricultura e á distribución de pataca no noso país denuncian a falta de información e mesmo e descoordinación nas medidas a adoptar.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que mecanismos de interlocución se teñen aberto co sector agrícola?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Que medidas concretas prevé adoptar a Consellaría de Medio Rural para conter e eliminar a praga de couza guatemalteca?

3. Prevense fixar compensacións económicas ou axudas para paliar as perdas das explotacións?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 16:25:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 16:25:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 16:25:20**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 16:25:24**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 16:25:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 16:25:29**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación activa (EPA), que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE), reflicten unha evolución moi negativa e preocupante sobre o deterioro da calidade no emprego asalariado en Galicia. No cuarto trimestre de 2016 a denominada taxa de temporalidade —que mide cantas persoas teñen un contrato temporal sobre o total das persoas que traballan por conta allea— chegou ata o 26,7%, a cifra máis alta nun cuarto trimestre dende 2008.

O significado desta taxa é que máis de un, de cada catro persoas que traballan coma asalariadas en Galicia, faino baixo a escasa cobertura dun contrato de duración determinada, un contrato temporal nas súas diferentes modalidades.

A temporalidade en terminoloxía oficial, a precariedade en termos de realidade vivida polas persoas que a padecen, aumenta a un ritmo descoñecido dende fai sete anos. A razón é que a maioría do emprego xerado nos últimos anos está ocupado por persoas con contrato temporal, co enorme risco que isto supón, non só para a vida das persoas, senón tamén para a estabilidade da economía.





Dende que o emprego empezou a medrar, a finais de 2013, o 95% do emprego creado e baixo un contrato temporal: nos tres anos da fase expansiva do ciclo o número de persoas con contratos indefinidos en Galicia aumentou en tan só 2.300, mentres que o emprego temporal fíxoo en 44.600.

É unha situación de precariedade insoportable, cunha taxa que xa chega ao 26,7%, o que supón 2,2 puntos superior a que había en 2013. Se crea emprego sobre a precariedade extrema, construindo un mercado laboral extraordinariamente fráxil ante calquera desaceleración da economía.

Esta situación de insoportable precariedade é aínda máis grave no caso das mulleres, o que reflicte a peor situación das mulleres no mercado de traballo e que se manifesta en peores datos en tódalas variables, dende desemprego a salarios, pasando polo traballo en xornada parcial.

No cuarto trimestre de 2016 a taxa de temporalidade feminina era do 28,4% fronte ao 25% dos homes, 3,4 puntos máis de precariedade que se traslada a peores condicións laborais —salarios incluídos— que sofren as mulleres.

Tamén é moi preocupante que Galicia teña unha taxa de temporalidade superior á media española, porque non existe ningunha razón de especialización produtiva que xustifique que esteamos a cabeza da precariedade, porque de feito Galicia tivo historicamente unha taxa de temporalidade máis baixa que a media. Só nos últimos anos, en especial dende o 2013, a precariedade laboral dos traballadores por conta allea e superior en Galicia.

En concreto, no cuarto trimestre de 2013 a taxa en Galicia é do 22,5% e a media de España do 23,7%, pero agora, no final de 2016 a situación cambiou radicalmente: a taxa de Galicia supera a media do Estado.

Polo exposto, preséntase a seguinte pregunta:



-Como explica o Goberno galego que Galicia teña unha taxa de temporalidade superior á media do Estado?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 08/02/2017 17:18:42**

**Paula Vázquez Verao na data 08/02/2017 17:19:01**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/02/2017 17:19:05**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 08/02/2017 17:19:09**

**Carmen Santos Queiruga na data 08/02/2017 17:19:13**

**Antón Sánchez García na data 08/02/2017 17:19:16**

**Eva Solla Fernández na data 08/02/2017 17:19:20**

**Luca Chao Pérez na data 08/02/2017 17:19:24**

**Paula Quinteiro Araújo na data 08/02/2017 17:19:27**

**Luis Villares Naveira na data 08/02/2017 17:19:32**

**Magdalena Barahona Martín na data 08/02/2017 17:19:36**



**Francisco Casal Vidal na data 08/02/2017 17:19:40**

**David Rodríguez Estévez na data 08/02/2017 17:19:44**

**Marcos Cal Ogando na data 08/02/2017 17:19:51**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación activa (EPA), que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE), reflicten unha evolución moi negativa e preocupante sobre o deterioro da calidade no emprego asalariado en Galicia. No cuarto trimestre de 2016 a denominada taxa de temporalidade —que mide cantas persoas teñen un contrato temporal sobre o total das persoas que traballan por conta allea— chegou ata o 26,7%, a cifra máis alta nun cuarto trimestre dende 2008.

O significado desta taxa é que máis de un, de cada catro persoas que traballan coma asalariadas en Galicia, faino baixo a escasa cobertura dun contrato de duración determinada, un contrato temporal nas súas diferentes modalidades.

A temporalidade en terminoloxía oficial, a precariedade en termos de realidade vivida polas persoas que a padecen, aumenta a un ritmo descoñecido dende fai sete anos. A razón é que a maioría do emprego xerado nos últimos anos está ocupado por persoas con contrato temporal, co enorme risco que isto supón, non só para a vida das persoas, senón tamén para a estabilidade da economía.



Dende que o emprego empezou a medrar, a finais de 2013, o 95% do emprego creado e baixo un contrato temporal: nos tres anos da fase expansiva do ciclo o número de persoas con contratos indefinidos en Galicia aumentou en tan só 2.300, mentres que o emprego temporal fíxoo en 44.600.

É unha situación de precariedade insoportable, cunha taxa que xa chega ao 26,7%, o que supón 2,2 puntos superior a que había en 2013. Se crea emprego sobre a precariedade extrema, construindo un mercado laboral extraordinariamente fráxil ante calquera desaceleración da economía.

Esta situación de insoportable precariedade é aínda máis grave no caso das mulleres, o que reflicte a peor situación das mulleres no mercado de traballo e que se manifesta en peores datos en tódalas variables, dende desemprego a salarios, pasando polo traballo en xornada parcial.

No cuarto trimestre de 2016 a taxa de temporalidade feminina era do 28,4% fronte ao 25% dos homes, 3,4 puntos máis de precariedade que se traslada a peores condicións laborais —salarios incluídos— que sofren as mulleres.

